No correspondente convenio ou, no seu caso, na resolución de concesión, fixaranse, ademais do beneficiario e contía da subvención, ó obxecto, o prazo e a forma de xustificación.

#### 12ª. Solicitudes.

Para a concesión de subvencións precisarse a previa solicitude do posible beneficiario, na cal se terá que facer constar o seguinte:

a).- Identificación de quen subscribe a solicitude e o carácter co que o fai.

b).- Identificación de quen terá que ser o beneficiario (con expresión do seu DNI ou NIF).

c).- Memoria da obra ou actividade a subvencionar.

d).- Presuposto total de estas obras.

e).- Declaración da subvencións obtidas para a mesma finalidade e compromiso de comunicar ó Concello as que se obteñan no futuro.

f).- Compromiso de cumprir as condicións da subvención.

g).- Documentación acreditativa de reunir os requisitos específicos esixidos.

h).- Datos bancarios, donde, si é subvencionada a actividade proposta, poderase transferir o importe da subvención.

i).- Declaración de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Cando se observen defectos ou omisións nas solicitudes, ou se considere necesario ampliar a información, poderase dar os solicitantes un prazo, que non poderá exceder de 10 días, para solucionar os defectos ou omisións ou para ampliar a información. En caso de concurso, o prazo terá que ser igual para todos os concursantes afectados.

#### 13ª. Obrigacións dos beneficiarios.

Ademais das obrigas sinaladas no art. 14 da LGS, teranse que ter en conta as seguintes:

1.- Os beneficiarios terán que estar ó corrente das súas obrigas fiscais e financeiras co Concello e coa Seguridade Social.

En caso de ter un convenio de regularización de deudas en vigor e estar o corrente do pago dos prazos, considerase que o beneficiario está ó córente das súas obrigas financeiras con Concello. Esta circunstancia poderase consultar informática mente polos servizos xestores. Así mesmo, a Intervención xeral poderá certificar, nun prazo de 24 horas, a situación financeira do solicitante co Concello.

2.- As asociacións e fundacións para poder ser beneficiarias de subvención terán que estar inscritas no correspondente rexistro oficial.

3.- Nas subvencións enmarcadas na cooperación ó desenrolo, as ONG terán que estar inscritas no rexistro público correspondente e dispoñer de sede central ou delegación permanente na provincia de Lugo.

4.- Os beneficiarios da subvención estarán obrigados a difundir que a actividade estivo subvencionada polo Concello de Chantada, a excepción de actividades nas cales non se elabore documentación ou programa impreso, como poden ser, becas, premios e outros.

#### 14ª. Reformulación de solicitudes.

Dentro dunha mesma convocatoria, os beneficiarios dunha subvención, por razóns xustificadas, poderán solicitar a reformulación das subvencións concedidas.

A nova subvención terá que ser aprobada polo mesmo órgano que a concedeu e, en todo caso, terá que respectar o obxecto, criterios de valoración e demais requisitos previstos nas bases específicas.

#### 15ª. Aceptación.

Para a efectividade da subvención será preciso que esta e as condicións nas que se lle concedeu sexan aceptadas, sen reservas, polo beneficiario, na forma e prazo que sinalen as Bases específicas ou o acordo de concesión.

Si o beneficiario non presenta a súa aceptación no correspondente prazo ou formulara reservas respecto a esta, poderase optar, discrecionalmente, entre conceder un novo prazo para a aceptación ou considerar que o beneficiario renunciou a subvención.

#### 16ª. Resolución e pago da subvención.

1.- Serán competentes para resolver as solicitudes de subvencións os órganos que teñan competencia segundo a normativa sobre "delegación de competencias ou atribucións de órganos ó concello de Chantada diferentes do Pleno", vixente no momento da súa concesión. O procedemento de concesión das subvencións terase que resolver en 3 meses contar dende a finalización do termino de presentación de solicitudes e a falta de resolución, dentro de este prazo, terá carácter desestimación.

2.- Con Carácter xeral, o pago das subvencións efectuarase contra a prestación das xustificacións da actividade subvencionada.

Poderanse efectuar pagos a conta, a medida que se vaian presentando xustificantes de parte da obra ou actividade efectuada.

O pago anticipado ou anticipo da subvención antes da xustificación, efectuarase nos casos puntuais que se haberán de explicitar nas bases específicas ou no acto de concesión. Neste caso, o prazo para presentar a xustificacións, será o que se teña establecido nas correspondentes bases específicas ou no acto de concesión.

En todos os casos, cando o beneficiario sexa deudor do Concello poderase efectuar a compensación do pago da subvención coas deudas do beneficiario.

Nos casos de pagos a conta ou de pagos anticipados poderanse esixir garantías ós perceptores, para asegu-

rar que se efectúa a totalidade da obra ou actividade subvencionada e que se cumpren os obxectivos da subvención.

#### 17ª. Publicidade.

1.- A concorrencia os procesos de concesión de subvencións, implicará a manifestación tácita de consentimento inequívoco ó trato de datos de carácter persoal e a súa publicación nos termos establecidos no apartado 1, do acordo co que se prevé na Lei Orgánica, de protección de datos de carácter persoal, salvo que as bases específicas indiquen outra cousa.

2.- Non será necesaria a publicidade da concesión da subvención:

a) Cando as subvencións teñan asignación nominativa no Presuposto Xeral inicial do Concello ou en modificacións de crédito aprobadas polo Pleno.

b) Cando o seu outorgamento e contía, a favor dun beneficiario concreto, resulten impostos por unha norma con rango legal.

c) Cando o importe das subvencións concedidas, individualmente consideradas sexa de contía inferior a 3000 euros, en este suposto teranse que anunciar no taboleiro de anuncios do Concello ou entidade subvencionadora e ademais, as bases específicas, o convenio ou a resolución de concesión, poderán preveer outros procedementos de publicidade adecuados.

d) Cando a publicación dos datos do beneficiario, en razón do obxecto da subvención, poda ser contraria ó respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do que establece a Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio ou a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### 18ª. Xustificación.

1.-As subvencións xustificaranse con documentos orixinais, de conformidade co que dispoñan as bases específicas e o acordo de concesión. En todo caso terase que ter en conta as seguintes regras:

a) Terase que xustificar a realización da obra ou actividade subvencionada e o seu custo.

b) Cando se subvencione a adquisición dun inmovible, esixirase copia da correspondente escritura.

c) Cando a subvención teña por obxecto a financiación xeral dunha entidade, sexa cal sexa a porcentaxe da subvención con relación ó Presuposto Xeral da Entidade, esta terá que presentar como xustificante unha memoria da actividade e as súas contas (Balance de situación, conta de resultados, informe de auditoría si é obrigatoria ou se ten efectuado, liquidación do Presuposto si é un Ente Público, etc.) correspondente ó exercicio a que se refira a subvención.

d) No caso de obras subvencionadas, si estas se efectúan por unha Administración Públicas, terase que aportar a acta de recepción e a liquidación e ademais, si se efectúan pagos a conta, as correspondentes certificacións de obra; si se efectúan por un ente que non teña

o carácter de Administración Pública, terase que aportar certificación do técnico director e facturas ou liquidación do contratista.

e) No caso de actividades, terase que aportar as facturas minutas e demais xustificantes dos gatos efectuados polo beneficiario, as cales terán que conter todos os requisitos legais que establece a normativa vixente aplicable.

f) Tratándose de administracións Públicas ( tanto por obras ou por actividades), poderase aceptar certificación acreditativa dos xustificantes de gatos firmada polo funcionario público, quedando a disposición do Concello para o seu exame, si se considerara oportuno, os xustificantes correspondentes.

g) Cando as bases específicas, o convenio ou a resolución de concesión o determinen, poderase xustificar as subvencións con informes de control financeiro, que efectuará a Intervención Xeral da Corporación de conformidade co que se prevé na norma 27 de esta Ordenanza Xeral. Nestes casos, terase que presentar unha memoria da actividade subvencionada antes do seu pago.

2.- O Servizo xestor terá que estampillar nos documentos aportados polo beneficiario o selo creado a tal efecto, de maneira que quede constancia do importe subvencionado.

#### 19ª.- Gastos subvencionables.

1. Considéranse gastos subvencionables, os efectos que prevé esta ordenanza Xeral, aqueles que de maneira indudable respondan a natureza da actividade subvencionada, e que se realicen no prazo establecido polas diferentes bases reguladoras das subvencións. En ningún caso o seu custo podera ser superior ó valor de mercado.

2. Salvo disposición expresa en contrario nas bases específicas das subvencións, considerase gatos realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á financiación do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de suministro de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente numero de entidades que o subministren ou presen, ou salvo que o gasto se houbera realizado con anterioridade a solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando recaia na proposta económica mais vantaxosa.

4. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

a) As bases específicas fixaranse o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ó fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

b) O incumprimento da obriga de destiño referida no parágrafo anterior, que se producirá en todo caso coa enaxenación ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da Lei, quedando o ben efecto ó pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscribibles.

5. Considerase satisfeita a obriga de destino a que se refire o apartado 4 anterior cando:

a) Se, tratándose de bens non inscribibles nun rexistro público, foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ó fin para o que se concedeu a subvención e este uso se mantéña deica completar o período establecido, sempre e cando a substitución teña estado autorizada polo Concello de Chantada ou a entidade concedente.

b) Se, tratándose de bens inscribibles nun rexistro público, o cambio de destino, enaxenación ou gravame sexa autorizado polo concello de Chantada ou a entidade concedente. Nese suposto, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, en caso de incumprimento da mesma, do reintegro da subvención.

6. As bases específicas das subvencións estalecerán, no seu caso, as regras especiais que se consideren oportunas en materia de amortización dos bens inventariables. No obstante, o carácter subvencionables do gasto de amortización estará suxeito ás seguintes condicións:

a) Que as subvencións non teñan contribuído á compra dos bens.

b) Que a amortización se calcule de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas.

c) Que o custe se refira exclusivamente ó período subvencionable.

7. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gatos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma e sempre que así se prevea nas bases específicas. Con carácter excepcional, os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionados cando así o prevea a normativa reguladora da subvención.

En caso algún son gastos subvencionables:

- a) Os intereses deudores das contas bancarias.
- b) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.

8. Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

9. O beneficiario ten que imputar os custos indirectos á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e as normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida que estes custos correspondan ó período no cal efectivamente se leva a termino a actividade.

20ª.- Comprobación das xustificacións.

1. O Servizo xestor que houbese tramitado a concesión da subvención comprobará que as xustificacións se presenten nos prazos fixados e as comprobará formalmente, podendo requirir ó beneficiario para que emende defectos, complete a documentación ou amplíe a información.

2. O Concello poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados, utilizando os criterios sinalados o art. 33 LGS.

3. O Concello poderá comprobar directamente a execución da obra ou actividade subvencionada, xa sexa mediante persoal propio, ou ben, a través de empresas contratadas ó efecto.

21ª.- Subcontratación de actividades subvencionadas.

O beneficiario de subvencións por actividades poderá subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, de conformidade co que prevé o art. 29 da LGS.

### TITULO III

#### NULIDADE, REVISIÓN E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

22ª.- Nulidade das resolucións de concesión de subvencións.

1. Son causas de nulidade das resolucións de concesión:

a) As indicadas no art. 62.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

b) A carencia ou insuficiencia de crédito presupostario.

2. Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico, e, en especial, das regras contidas na LGS, de confor-

midade con que dispón o art. 63 da mencionada Lei 30/1992.

3. A tramitación e declaración de nulidade axustarase ó que dispón o art. 36 da LGS.

23ª.- Revisión.

A resolución de outorgamento dunha subvención pode ser revisada polo Concello ou polos seus organismos dependentes, unha vez transcorrido o prazo de audiencia de 10 días concedido ó beneficiario, ben sexa con relación ó seu contido ou condicionado, ou ben sexa en relación co importe da subvención, nos supostos seguintes:

a) Cando se produza unha alteración nas condicións que determinaron a concesión da subvención.

b) Cando o beneficiario teña obtido para a mesma actuación outras subvencións, axudas ou aportación Sde. Calquera orixe, público ou privado, que sumadas a do Concello superen o custo total da obra ou da actividade subvencionada ou aquel porcentaxe que se teña fixado nas bases específicas.

c) Cando o beneficiario non teña xustificado adecuadamente a totalidade do importe dos gastos subvencionables previstos nas bases específicas ou no convenio que os regule.

24ª.- Reintegro de subvencións xa satisfeitas.

1. Cando a consecuencia da anulación, revocación ou revisión da subvención, o importe definitivo de esta sexa inferior ó importe pagado, o receptor estará obrigado a reintegrar o exceso. Así mesmo, estará obrigado a reintegrar, o beneficiario que teña percibido a subvención falseando as condicións esixidas ou ocultando aquelas que houbesen impedido a súa concesión; por incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto, por incumprimento da obriga de xustificar nos prazos establecidos; por resistencia ou obstrución as actuacións Sde. Comprobación e de control financeiro e noutros supostos previstos na normativa da LGS.

2. Ademais, o ente subvencionado haberá de ingresar os intereses de demora, calculados segundo os tipos de interés legal incrementadas nun 25% acreditados dende o momento do pago a data do acordo de reintegro.

3. Estes ingresos terá o carácter de ingresos de dereito público. O período de ingreso en vía voluntaria será o establecido a todos os efectos para os ingresos directos. Se non se ingresaran dentro de este período, procederase por vía de compensación ou por vía de apremio de acordo co Regulamento Xeral de Recadación e a través do Organismo de Xestión Tributaria do Concello de Chantada.

Cando o subvencionado sexa unha persoa xurídica serán responsables subsidiarios os administradores.

En xeral o reintegro dos pagos indebidos de subvención rexerá polo que dispoñen os art. 36 a 43 da LGS.

## TITULO IV

## INFRACCIÓN, SANCIONES ADMINISTRATIVAS E RESPONSABILIDADE EN MATERIA DE SUBVENCIONS

## 25ª.- Infraccións e sancións administrativas.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións, as accións e omisións tipificadas nos art. 29 e seguintes da LGS.

As infraccións consideraranse leves, graves ou moi graves de acordo cos supostos da mencionada Lei e se aplicarán os infractores as sanción tipificadas na mesma.

As sancións poderán consistir nunha multa fixa ou proporcional. A sanción pecuniaria proporcional aplicarase sobre a cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada. Nesta multa será independente da obriga de reintegro contemplada na norma 24 e para o seu cobro consideraranse como un ingreso de dereito público e será de aplicación o Regulamento Xeral de Recadación.

Nos supostos que a conducta puidera ser constitutiva de delito o Concello de Cantada e os seus organismos dependentes asarán a denuncia á xurisdicción competente e absterase de seguir o procedemento sancionador entretanto a autoridade xudicial non dicte sentenza en firme, teña lugar o sobresemento ou o arquivo das actuacións ou se produza a devolución do expediente polo Ministerio Fiscal.

## 26ª.- Responsabilidade

Os perceptores de subvencións concedidas polo Concello de Chantada ou polas entidades de el dependentes, obríganse a executar as actividades subvencionadas de conformidade cos principios de boa administración, boa fe e presunción de legalidade.

O incumprimento de estes principios orixinará responsabilidades que en cada caso correspondan e a incorporación do expediente de reintegro da subvención.

A responsabilidade administrativa será esixida de conformidade co que prevén os art. 176 e seguintes da Lei estatal 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria.

As responsabilidades contable e penal esixiranse polos órganos competentes de conformidade coa normativa que regula o Tribunal de Contas ( Lei orgánica 2/1982 de 12 de maio) e o que se dispón sobre esta materia no Código Penal (art. 308 e 309).

## TITULO V

## CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIONS

## 27ª.- Control financeiro das subvencións.

1. No Plan anual de actuacións de control financeiro que se aproba anualmente e que figura nas Bases do Presuposto, incluíranse actuacións de control financeiro sobre toda clase de subvencións outorgadas polo Concello de Chantada e as entidades de elas depen-

dentos, tanto se o seu outorgamento que se teña feito a través de concorrência competitiva ou por concesión directa, e incluso nas que esta ordenanza xeral ten carácter supletorio.

2. O control financeiro efectuarase pola Intervención Xeral de conformidade co que dispoñen os art. 220 a 222 do Texto refundido da LRHL; o Título III da LGS, o Título VI da Lei Xeral Presupostaria e demais normas concordantes. Se poderá contratar para esta tarefa, a través do correspondente expediente de contratación, a colaboración de empresas privadas de auditoría para a realización de controles financeiros de subvencións as cales haberán de seguir a metodoloxía utilizada pola propia Intervención.

Os beneficiarios e terceiros relacionados co obxecto da subvención ou da súa xustificación, estarán obrigados a prestar colaboración e a facilitar a documentación que lles sexa requirida polo persoal que efectúe o control financeiro, o cal terá as seguintes facultades: libre acceso a documentación obxecto de comprobación; os locais de negocio e demais establecementos ou lugares donde se desenrole a actividade subvencionada; a obtención de facturas, documentos equivalentes e calquera outro documento relativo as operacións nas que se teña indicio da incorrecta obtención ou destino da subvención e o libre acceso á información de contas bancarias relacionadas coas subvencións obxecto de control.

As facultades e deberes do persoal controlador, así como o procedemento para o exercicio do control financeiro, serán os previstos nos art. 47 a 50 da LGS coa excepción que cando teña desconformidade entre o informe da Intervención e o órgano xestor someterase a consideración do Pleno do Concello.

## TITULO VI

## BASES ESPECÍFICAS

## 28ª.- Bases Específicas

1. Para todas as subvencións que se teñan que conceder mediante concorrência competitiva se tendrán que aprobar as correspondentes bases específicas, que se aprobarán conxuntamente ou previamente a convocatoria e que non poderán contradicir a presente Ordenanza Xeral.

2. A competencia para a aprobación das Bases específicas corresponde a Xunta de Goberno Local. No caso dos organismos autónomos ou de entidades públicas de carácter empresarial, será competente o que se estableza nos seus estatutos.

3. Publicarase no BOP un anuncio do contido das Bases e da convocatoria no que se determinará o prazo de presentación de solicitudes.

4. O contido das bases específicas será, como mínimo, o seguinte:

a) Obxecto da subvención, definindo o período no que se executaraa a actividade pola cal se solicita a subvención.

b) Requisitos que teñen que reunir os beneficiarios e forma de acreditarlos.

c) Importe máximo das subvencións e porcentaxe de estas respecto ó custo da actividade subvencionada.

d) Posibilidade, ou non, de contabilizar outras subvencións coa mesma finalidade.

e) Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e no seu caso ponderación dos mesmos.

f) Composición do órgano competente para a ordeñación, instrucción e resolución do procedemento de concesión, de acordo co que se prevé na norma 10.6 de estas bases.

g) Prazo para o seu outorgamento, que non terá que exceder dos tres meses dende a finalización.

h) Forma de pago e no seu caso posibilidade de efectuar pagos parciais.

i) Prazo e forma de xustificación do cumprimento da finalidade para a cal se concede a subvención.

j) Partida presupostaria donde se imputa o importe da subvención.

5. As bases específicas terán que facer constar a obrigatoriedade de que na actividade subvencionada figure o patrocinio ou o logotipo do Concello de Chantada, nos termos establecidos na norma 13.4.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os preceptos de esta Ordenanza Xeral que, por sistemática, incorpora aspectos da normativa directamente aplicables as subvencións que outorgue o Concello ou os seus Organismos, enténdese que son automaticamente modificados no momento no que se produza a modificación ou derogación da mencionada normativa.

No suposto de modificación normativa, continúan sendo vixente os preceptos que son compatibles ou permiten unha interpretación armónica cos novos principios da normativa modificada, mentres non teña adaptación expresa de esta ordenanza.

A presente ordenanza non será de aplicación á concesión de becas de colaboración concedidas a estudantes e licenciados a fin de completar a súa formación teórico-práctica, as cales rexeranse polas Bases Xerais para a concesión de becas de colaboración nos servizos e programas do Concello de Chantada, e os seus organismos Autónomos a estudantes e licenciados do ámbito territorial da Corporación.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os procedementos de concesión de subvencións xa iniciados á entrada en vigor de esta Ordenanza, serán de aplicación os acordos adoptados no momento do seu inicio.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan sen efecto todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó contido de esta ordenanza Xeral.

#### DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Todo aquilo que non se regule nesta Ordenanza Xeral, estarase ó que dispoñan as Bases de Execución do Presuposto da Corporación do ano correspondente e na normativa sobre delegación de competencias e atribución dos órganos de goberno do Concello de Chantada, vixente no momento da concesión.

Segunda.- A presente Ordenanza Xeral de subvencións, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada ó 12 de setembro de 2005 e que quedou definitivamente aprobada con data 24 de novembro de 2004, rexerá a partir do día seguinte o da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente ata que se modifique ou se derogue expresamente.

Chantada, 30 de novembro de 2005.- O ALCALDE,  
Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 05918

#### MONTERROSO

##### Anuncio

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 27/10/05 acordou aprobar inicialmente a modificación das ordenanzas fiscais seguintes:

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga.

- Ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

- Ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, escombros, vallas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

- Ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola utilización de terreos de uso público con mesas, sillas, tribunas, tablados e outros elementos análogos.

- Ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas da vía pública para aparcadoiro, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas.

- Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

- Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de teledistribución de televisión por cable.

- Ordenanza fiscal nº 15 Reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, sitios en terreos de uso público local, así como, industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de centro de día.

As devanditas modificacións foron expostas ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 5 de novembro sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado cos textos que se transcriben:

**ORDENANZA FISCAL POLA QUE SE MODIFICA A REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.**

**ARTIGO ÚNICO:**

O artigo 3 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, queda redactado como segue:

A cota tributaria liquidarase trimestralmente mediante a aplicación das seguintes tarifas:

**1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMIENTO ANO 2006**

	Ano 2005 (+3,3%)	Ano 2006
Cota fixa mensual	1,003 Eur/ab.mes	1,036 Eur/ab.mes
Consumo		
1º Bloque: 0 a 18 m³/ab.mes	0,314618 Eur/m³	0,325000 Eur/m³
2º Bloque: máis de 18 m³/ab.mes	0,475404 Eur/m³	0,491092 Eur/m³

**2.- PREZOS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS**

**2.1.- ACOMETIDAS DE ABASTECIMIENTO**

Faise o cálculo en base á acometida normal de 3 m. de lonxitude media (1 a 5 m.)

**MATERIAIS**

1 Ud. collarín de toma

- Ud. enlaces

1-5 Ml. tubería P.E.

1 Ud. chave de paso

1 Ud. arquetilla de fundición de 15 x 25 cm.

**OBRA CIVIL**

1 Ud. arqueta c/tapa

1-5 Ml. zanza (apertura, cerre e reposición)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanza.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	158,13	203,63	243,89
1"	170,41	215,07	253,09
1½"	205,02	250,13	288,16
2"	243,98	288,16	326,65

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

Acometidas de máis de 5 mts.	¾"	1"	1½"	2"
(A) incremento Eur. por m.	7,63	8,96	12,78	21,43
(B) incremento Eur. por m.	16,83	18,16	21,98	30,63
(C) incremento Eur. por m.	20,25	21,50	25,33	33,98

**2.2- CONTADORES**

**2.2.1.- Instalación de contador (Ø13 mm) en batería ou similar**

- Contador de 13 mm.

- Válvula antiretorno

- Pezas conexión

Prezo contador instalado: 67,32 Eur/ud.

**2.2.2.- INSTALACION DE CONTADOR DE Ø SUPERIOR A 13 mm.**

Para contadores de diámetros superiores farase un presuposto previo.

**2.2.3.- TARIFA DE CONTADORES (sen colocación)**

**TARIFA DE CONTADORES**

(sen colocación)

Ø13 mm.	46,21	Eur/ud
Ø15 mm.	52,60	Eur/ud
Ø20 mm.	64,20	Eur/ud
Ø25 mm.	104,57	Eur/ud
Ø30 mm.	146,18	Eur/ud
Ø40 mm.	226,60	Eur/ud
Ø50 mm.	495,13	Eur/ud
Ø65 mm.	613,79	Eur/ud

**3.- XESTIÓN DE COBRO AOS ABONADOS MOROSOS**

Cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación certificada dos recibos pendentes de pago.

3,36 Eur/ud. 3,47 Eur/ud.

**4.- DESPRECINTADO DE CONTADOR**

Por desprecintado

de contador 15,34 Eur/ud. 15,85 Eur/ud.

**5.- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMIENTO E PRECINTADO DE RACORES**

Por conexión á rede e precintado

dos racores de contadores non

colocados polo persoal do servizo 15,34 Eur/ud. 15,85 Eur/ud.

**ORDENANZA FISCAL N.º 6 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS**

**ARTIGO ÚNICO:**

O artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos queda redactado como segue:

## "Artigo 7.- Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estruturase nos seguintes epígrafes:

CONCEPTOS	EUROS
Epígrafe 1º.- En materia de censos de poboación e habitantes do municipio:	
1.- Certificacións de empadronamento no Censo de poboación vixente : 1,29	
2.- Volantes de Fe de Vida: 0,64	
Epígrafe 2º.- Expedientes de solicitude de licencias e autorizacións municipais, excepto licencias de apertura de establecementos e as de instalacións, construcións e obras que non devengarán ningún dereito por esta Ordenanza, por canto os dereitos de tramitación destas están englobados na tarifa da súa respectiva ordenanza particular:	
1.- Habilitación de conductores de vehículos de servizo público: 19,30	
Epígrafe 3º.- Noutras materias de competencias municipal:	
1.- Bastanteo de poderes: 3,23	
2.- Informacións testificais: 1,93	
Cando as informacións testificais sexan a instancia de parte para producir efectos nun expediente e haxa que citar ós testigos das parroquias ó lugar do seu domicilio: 6,44	
3.- Expedientes de declaración de ruína de fincas urbanas:	
a) Tramitación completa do expediente: 32,16	
4.- Informe de urbanística: 12,86	
Epígrafe 4º.- Certificacións:	
a).- Certificacións de acordos e demais documentos que existan nas Oficinas Municipais relativos ó último quinquenio: 1,29	
b).- Certificacións que se refiran a documentos anteriores ao último quinquenio: 3,23	
Epígrafe 5º.- Recursos.	
1.- As memorias, planos, deseños gráficos, fotocopias que se acheguen para producir efectos que se refiran os correspondentes escritos, reclamacións, etc.: 0,64	
2.- Recursos de toda clase 1,93	
3.- Denuncias a instancia de parte, escrito: 16,08	
Epígrafe 6º.-.	
1.- Fotocopia de documento, cada un: A4=0,06 A3=0,12	
2.- Autenticación de calquera clase de documentos do Sr. Secretario, agás os que consten inscritos no Padrón de Habitantes deste Municipio: 1,93	

3.- Contratos administrativos ante o Sr. Secretario do Concello, por cada folla : 6,43"

ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALLAS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓN ANÁLOGAS

## ARTIGO ÚNICO

O artigo 4 da Ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, escombros, vallas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas, queda redactado como segue:

## "Artigo 4º.- Contía

1.- A contía da taxa regulada nesta ordenanza, será a fixada nas tarifas que a continuación se detallan:

EPÍGRAFE	EUROS
Tarifa primeira.- Ocupación da vía pública con mercadorías:	
1. Ocupación ou reserva especial da vía pública ou terreos de uso público que fagan os industriais con materiais ou produtos da industria ou comercio a que adiquen a súa actividade, comprendidos os vagóns ou vagoneta metálicas chamadas "containers", por mes e metro cadrado: 0,32	
2.- Ocupación ou reserva especial da vía pública de modo transitorio, por mes e metro cadrado: 0,32	

Tarifa segunda.- Ocupación con materiais de construción.

Ocupación da vía pública ou terreos de uso público, con escombros, materiais de construción, vagóns ou vagonetas metálicas chamadas "containers" para a recollida ou depósito destes, e outros aproveitamentos análogos, por metro cadrado ou fracción por mes: 0,32

Tarifa terceira.- Vallas, puntais, asnillas, andamios, etc

1. Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con vallas, caixons de pechamento, sexan ou non para obras, e outras instalacións análogas, por metro cadrado ou fracción, ó mes: 0,32

2. Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con puntais, asnillas, andamios e outros elementos análogos, por cada elemento ou mes: 0,32

ORDENANZA FISCAL Nº 18 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, SILLAS, TRIBUNAS, TABLADOS, E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.

## ARTIGO ÚNICO:

O artigo 3. 2º. A), C) e D) da Ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola utilización de terreos de uso público con mesas, sillas, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, queda redactado coma segue:



"As tarifas da taxa serán as seguintes:

A) Por cada metro cadrado de superficie ocupada:

Por tempada (desde o 1 de xullo ó 30 de setembro), 1,93 euros, por metros.

Os únicos efectos desta taxa, as vías públicas da Vila de Monterroso teñen unha única categoría fiscal.

C) Pola utilización de separadores: 1,29 euros por cada metro lineal e mes.

D) Pola instalación de barbaças e elementos complementarios: 1,29 euros por cada metro cadrado e mes."

ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE -

ARTIGO ÚNICO:

O artigo 3 da Ordenanza fiscal nº 12 reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e as reservas da vía pública para aparcadoiro, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, queda redactada como segue:

"Artigo 3º.- Contía

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte.

2. As tarifas da taxa serán as seguintes:

CONCEPTO	EUROS
----------	-------

Tarifa 1º

Por cada metro lineal ou fracción de entrada ou paso de vehículos e carruaxes ó ano:

nº 1.- Se se trata de garaxes públicos ou para establecementos industriais ou comerciais.: 12,86

nº 2.- Para garaxes de uso ou servizo particular, cun máximo de dous metros lineais. : 9,65

Tarifa 2º

Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espazo, ó ano:

nº 1.- Reserva permanente durante todo o día:

a) Líneas de viaxeiros: 32,16

b) Para auto-turismos e auto-taxis: 16,08

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS

ARTIGO ÚNICO:

O artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas queda redactado como segue:

"Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota tributaria resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravamen.

a.- Por cada metro cadrado e ano de carteis visibles dende a vía pública: 64,21 euros

b.- Por cada metro cadrado da finca segregada. 0,06 euros"

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

ARTIGO ÚNICO:

O apartado 3 do artigo 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio queda redactado como segue:

"3. Cuantifícase o prezo da hora do servizo do Concello de Monterroso en 5,27 euros"

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE TELEDISTRIBUCIÓN DE TELEVISIÓN POR CABLE

ARTIGO ÚNICO

O artigo 5 da Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de teledistribución de televisión por cable queda redactado como segue:

"Artigo 5.- Contía.

As tarifas do prezo público serán as seguintes:

a) Por acometida: 125,64 euros

b) Por mantemento anual: 46,88 euros

A contía anual do prezo público, referido á tarifa de mantemento anual, prorratearase por trimestres naturais nos supostos de alta ou baixa do servizo.

ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIONS OU RECREO, SITAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, ASÍ COMO, INDUSTRIAS RUEIRAS E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRÁFICA.

ARTIGO ÚNICO

O artigo 3º da Ordenanza Reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, sitios en terreos de uso público local, así como, industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica, queda redactada como segue:

Artigo 3º.- Contía.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a que figura na seguinte tarifa:

EPIGRAFE	EUROS	
	Diario	Anual

1.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados a tómbolas, rifas, vendas rápidas e similares. Por cada m.2 ou fracción 3,28 euros 65,43 euros

2.- Licenzas para a ocupación de terreos adicados a columpios, aparatos voadores, casetas de tiro, calesitas, xogos de caballos, coches de choque e, en xeral, calquera clase de aparatos de movemento. Por cada m.2., ou fracción 3,28 euros 65,43 euros

3.- Licenza para a ocupación de terreos adicados a teatros, circos e, en xeral, calquera clase de espectáculos. Por cada m<sup>2</sup> ou fracción 3,28 euros 65,43 euros

4.- Licenza para postos que ocupan máis de 50 m.<sup>2</sup> que se consideren grandes superficies como restaurantes, bares, bodegones e similares. Por cada m<sup>2</sup> ou fracción 0,32 euros

5.- Licenza para postos de polbo. Por cada caldeiro de polbo 13,09 euros

6.- Licenzas para a ocupación de terreos con camiões ou vehículos para a venda de bocadillos, hamburguesas, chocolates, refrescos bebidas, frutas, etc. Por cada m<sup>2</sup> ou tracción 3,28 euros 65,43 euros

A superfide computable será a que realmente ocupe o vehículo, máis unha franxa de terreo dun metro de anchura, paralela ó frente da liña exterior ó mostrador ou instalación que se utilice para o uso ou servizo do público.

7.- Licenzas para a ocupación de terreos adicados á instalación de chocolatería, masa frita, patatas fritas, xelados e algodón en dulce. Por cada m.<sup>2</sup> ou fracción 3,28 euros 65,43 euros

8.- En tódolos postos de pequena superficie a 1,31 euros o metro lineal ata 10 metros. Cada metro ou fracción que pase de 10 a 0,65 e: enténdese por postos de pequena superficie, os que ocupen hasta 50 m<sup>2</sup>.

9.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados a froitas e demais artigos de alimentación a 1,31 euros o metro lineal, hasta 10. Cada metro ou fracción que pase de 10, a 0,65 euros.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE MONTERROSO.**

**ARTIGO ÚNICO:** Os artigos 4 e 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de Centro de Día do Concello de Monterroso quedan redactados como segue:

"Artigo 4.- Cotas.

RENDA PER CÁPITA

DA UNIDADE FAMILIAR	COTA A ABOAR
UNIDADE FAMILIAR DE UN MEMBRO	
<= 288,79	100,15 euros/MES
288,80-348,90	140,20 euros/MES
348,91-409,01	180,25 euros/MES
409,02-469,12	229,29 euros/MES
469,13-529,23	260,34 euros/MES
529,24-589,34	300,39 euros/MES
589,35-649,45	340,44 euros /MES
+ 649,46	380,49 euros/MES

UNIDADE FAMILIAR DE DOUS OU TRES MEMBROS

<= 248,79	100,15 euros/MES
248,80-308,90	160,21 euros/MES
308,91-369,01	200,27 euros/MES
369,02-429,12	240,32 euros/MES
429,13-489,23	280,37 euros/MES
489,24-549,34	320,42 euros/MES
+ 549,35	380,49 euros/MES

UNIDADE FAMILIAR DE CATRO OU MÁIS MEMBROS

<= 208,79	140,20 euros/MES
208,80-268,90	180,25 euros/MES
268,91-329,01	229,29 euros/MES
329,02-389,12	260,34 euros/MES
389,13-449,23	320,39 euros/MES
449,24-509,34	340,44 euros/MES
+ 509,35	380,49 euros/MES

No caso de utilización do servizo de Centro de Día a media xornada, devengarase o 50% da cota que corresponda según a aplicación dos tramos anteriores.

Artigo 5.- Exencións ou bonificacións.

As cotas resultantes da aplicación do artigo anterior serán obxecto da seguinte bonificacións:

- O segundo membro da unidade familiar desfrutará dunha bonificación do 30 por cento da cota.

- A partir do terceiro membro da unidade familiar desfrutarán dunha bonificación do 50 por cento da correspondente cota cada un".

De conformidade co previsto no artigo 19 do TRLFL contra o acto de aprobación destas ordenanzas só poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras da referida xurisdicción.

Monterroso, 14 de decembro de 2005.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 05936

OUROL

Anuncio

La Junta de Gobierno Local, en sesión celebrada el día 15 de diciembre de 2005, prestó aprobación inicial al pliego de cláusulas administrativas particulares que regirá la contratación, mediante concurso abierto, procedimiento urgente de la obra denominada "Construcción de Área de Ocio y Piscina en el municipio de Oural" de acuerdo a lo siguiente:

- 1) Plazo de ejecución de la obra: 10 meses.
- 2) Tramitación urgente.
- 3) Procedimiento: concurso.
- 4) Presupuesto base de licitación: 414.352,00 euros.
- 5) Garantías: Provisional: 8.287,04 euros.

6) Obtención de documentación e información en el Ayuntamiento de Oural (Oural s/n, 27865 Lugo, Teléfono: 982-559109).

7) Plazo, lugar y fecha de presentación de ofertas. Dentro de los 13 días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio en el BOP o en el DOG (el cómputo se realizará desde la última publicación) y hasta las 14,00 horas del último día de presentación, debiéndose de realizar esta en el registro general del Ayuntamiento de Oural, de 9,00 a 14,00 horas, de lunes a viernes y sábados de 9,00 a 13,00 horas

8) Documentación que presentar: La que figura en la cláusula III.2 del pliego de cláusulas administrativas particulares.

9) Apertura de ofertas. En el salón de sesiones del Ayuntamiento de Oural (Lugo) a la 12,00 horas del 10º día hábil siguiente al de la finalización del plazo de presentación de ofertas; y si coincidiera, dicho día, en sábado o festivo este se trasladará a primer hábil posterior.

- 10) Gastos del anuncio: A cargo del adjudicatario.

Se admiten las propuestas presentadas por correo, siempre y cuando la presentación y formalidades de las mismas se ajusten a lo determinado en la ley y reglamento de contratación de las administraciones públicas.

Asimismo, y en aplicación a la normativa se somete el expediente de licitación de referencia a información pública por plazo de 8 días a efectos de examen y reclamaciones, considerándose definitivamente aprobado si durante el referido plazo no se formulara reclamación alguna. De conformidad con lo preceptuado en el art. 122.2 del RDL 781/86, de 18 de abril, la licitación se aplazaría en el supuesto de que se formularan reclamaciones al pliego de cláusulas administrativas particulares.

Oural, 15 de diciembre de 2005.- El Alcalde,  
Guillermo Salgueiro Abad.

R. 05983

—  
SARRIA

Ó non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda elevado a definitivo o acordo do Concello Pleno, adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2005, de aprobación provisional da Ordenanza de Limpeza e Protección Medioambiental do Concello de Sarria.

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, faise público o texto íntegro da ordenanza, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo

dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 de dita Lei.

Contra a odenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladora de dita xurisdición.

ORDENANZA DE LIMPEZA E PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL DO CONCELLO DE SARRIA.

ÍNDICE:

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS:

Capítulo I.- Obxecto e Regulación Legal (Art. 1 e 2).

Capítulo II.- Da Limpeza e Protección Ambiental da Vía Pública (Art. do 3 ó 14).

Capítulo III.- Limpeza de Edificios (Art. do 15 ó 19).

Capítulo IV.- Propaganda electoral e lexislativa (Art. 20 ó 21).

TÍTULO II.- RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS:

Capítulo I.- Normas Xerais (Art. 22 ó 27).

Capítulo II.- (Art. do 28 ó 32).

Capítulo III.- Residuos Industriais (Art. do 33 ó 38).

Capítulo IV.- Residuos Especiais:

Sec. 1ª.- Terras e Escombros (Art. do 39 ó 41).

Sec. 2ª.- Mobles, utensilios e obxectos inútiles (Art. 42).

Sec. 3ª.- Animales mortos (Art. 43 e 44).

Sec. 4ª.- Residuos clínicos (Art. 45 e 46).

Sec. 5ª.- Outros residuos (Art. do 47 e 48).

TÍTULO III.- TRATAMENTO DE RESIDUOS:

Artigos do 49 ó 51.

TÍTULO IV.- PROTECCIÓN AMBIENTAL FRONTE A RUIDOS:

Capítulo I.- Normas xerais (Art. 52 ó 63).

Capítulo II.- Zonas acústicamente saturadas (Art. 65 ó 67).

TÍTULO V.- LIMPEZA E ORNATO DE TERROS E EDIFICACIÓNES:

Artigo 68.

TÍTULO VI.- PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL FRONTE A ACTIVIDADES XERADORAS DE PO, FUMES, LÍQUIDOS E OUTROS ELEMENTOS DE CONTAMINACIÓN:

Artigos do 69 ó 73.

TÍTULO VII.- VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO:

Artigos do 74 ó 88.

TÍTULO VIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO:

Capítulo I.- Normas Xerais (Art. do 89 ó 91).

Capítulo II.- Procedemento Sancionador e Sancións (Art. do 92 ó 98).

## DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

## DISPOSICIÓN FINAL.

## TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

## CAPÍTULO I.- OBXECTO E REGULACIÓN LEGAL:

## Artigo 1.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación no Termo Municipal, das seguintes actuacións e actividades:

a) Limpeza das vías e espazos públicos, mercados, solares de propiedade municipal, incluíndo rego de prazas e lavado de pintadas, así como a limpeza e ornato xerais no termo municipal.

b) A recollida de refugallos e residuos sólidos e o seu transporte ó Punto Limpo, ás dependencias de Sogama ou ó lugar establecido polo Concello, incluíndo como tales: os producidos por actividades domiciliarias, comerciais e de servizos, de limpeza urbana, industriais, obras, animais mortos, mobles, utensilios, vehículos abandonados, e en xeral todos aqueles que a recollida, transporte e almacenamento ou eliminación sexan de competencia municipal.

c) A protección ambiental fronte a ruidos, actividades xeradoras de po, fumes, líquidos ou outros elementos de contaminación.

d) Vertidos de augas residuais á rede municipal de saneamento.

## Artigo 2.

No non regulado expresamente na presente ordenanza, será de aplicación o disposto na Normativa Estatal e Autonómica sobre recollida de desfeitos e residuos sólidos urbanos, normativa de protección ambiental e demais disposicións aplicables.

## CAPÍTULO II.- DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA:

## Artigo 3.

1. A limpeza da vía pública: rúas, glorietas, prazas, zonas axardinadas e espazos públicos en xeral, así como a dos mercados, ríos e a recollida dos residuos procedentes da mesma será realizada pola Administración Municipal, ben directamente, ou no seu caso a través das Empresas Concesionarias do Servizo, coa frecuencia e a través das formas que determine o Concello.

2. A limpeza das rúas e solares de Dominio Privado, deberá efectuarse polos seus propietarios.

3. A limpeza de rúas de competencia estatal, autonómica ou provincial, e terrenos ferroviarios, deberá ser efectuada polas súas entidades xestoras.

## Artigo 4.

1. Corresponderá ós propietarios, ou no seu caso ós que residan nos inmobles, manter limpos os patios de luces ou de rúeiro, os peches de baixos, a limpeza de pintadas en edificios e o lucido das casas e baixos das mesmas.

2. Queda expresamente prohibido, que polas persoas que realicen a limpeza dos locais, portais ou edificios, se boten ás beirarrúas ou as rúas os restos ou desfeitos que barran dos interiores. Igualmente queda prohibido o baldeo coa auga, xabón ou lixivia da limpeza de interiores, na vía pública.

3. Prohíbese o depósito en pozos, rexistros e rede de sumidoiro de calquera produto resultante da limpeza urbana ou doutros de calquera tipo non autorizado, tales como animais mortos, restos químicos, aceites de cociña ou outros.

## Artigo 5.

1. A limpeza de solares corresponderá ós propietarios dos mesmos, sen prexuízo da obriga de proceder ó seu valado na forma que regulamentariamente se estableza nas Ordenanzas Municipais.

2. Dende os solares particulares, non pode sobrasar á vía pública ningunha clase de malezas, mirtos, matogueiras ou outra clase de vexetación.

## Artigo 6.

1. Prohíbese botar á vía pública todo tipo de residuos, como cigarros, cáscaras, papeis ou calquera outro desperdicio similar. Os que transiten polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres públicos e quixeran desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente mencionados, utilizarán as papeleiras instaladas a tal fin.

2. Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas, envorcalas ou arrancalas, así como calquera outro acto que as faga inutilizables para o uso a que están destinadas.

3. A instalación, mantemento e reposición das papeleiras realizarase ben pola Administración Municipal ou mediante concesión administrativa por unha empresa privada.

4. Os danos causados ás papeleiras, que signifiquen a necesidade da súa reposición serán sufragados polos que o houbesen ocasionado, sen prexuízo das sancións reflectidas na presente Ordenanza.

5. Prohíbese a utilización dun xeito diferente para o cal están concebidos, de bancos e demais elementos que forman parte do equipamento urbano, incluíndo toda acción que os altere, modifique ou cambie a súa situación ou estado.

6. Os danos que se causen en árboles ou no mobiliario urbano, ou en calquera espazo público, serán asimismo sufragados polas persoas que os houbesen ocasionado, independentemente das sancións que lles correspondan de acordo con esta Ordenanza.

## Artigo 7.

Queda prohibido realizar calquera operación que poida mancha-las vías e espazos libres públicos, e de forma especial:

1. Lavar ou limpar vehículos, así como cambiar ós mesmos o aceite e outros líquidos.

2. Manipular ou selecciona-los desfeitos ou residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión, dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases.

3. Sacudir prendas ou alfombras na vía pública ou sobre a mesma, dende vetanas, balcóns, etc.

4. Ter roupa tendida á vía pública, sen prexuízo da prohibición xenérica de instalar tendais nas fachadas dos inmobles.

5. Regar plantas instaladas no exterior dos edificios se a consecuencia desta operación se producen vertidos ou salpicaduras a rúa ou os seus elementos.

As xardineiras, así como os demais elementos das plantas ornamentais, deberán estar dotadas dos suficientes elementos de seguridade que impidan a súa caída á vía pública, debendo ser retiradas cando as condicións climatolóxicas o esixan.

6. Lavarse ou bañarse nas fontes públicas, así como botar a nadar cans e outros animais ou poñer a beber nelas calquera tipo de gando.

#### Artigo 8.

1. Queda prohibido repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, manchando os espazos públicos, e a pegada de publicidade en lugares non autorizados.

2. Terán consideración de acto independente a efecto de sanción cada actuación separada no tempo ou no espazo, contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables das infraccións aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade, e, no seu defecto e salvo proba do contrario, aquelas en cal favor se faga a mesma.

#### Artigo 9.

1. Os que estean ó fronte de quioscos ou postos autorizados na vía pública, ou que desenrolen calquera outra ocupación da mesma, ben sexa situados illados ou en mercados, teñen a obriga de manter limpo o espazo no que desenrolen o seu cometido e as súas proximidades durante o horario en que realicen a súa actividade, e a deixalo no mesmo estado unha vez rematada esta.

2. A mesma obriga incumbe ós donos de cafés, bares e establecementos análogos, en canto á superficie da vía ou espazo libre público que se ocupe con veladores, cadeiras, etc; así como á beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada, debendo retirar todo tipo de envases, plásticos, pepeleiras..., no momento do peche do establecemento. Os donos ou responsables de locais públicos tales como Pubs, Bares, Discotecas, Restaurantes ou análogos, no momento de peche do establecemento deberán retirar da vía pública situada nas inmediacións do mesmo calquera residuo derivado da actividade desempeñada, incluído cristais, calquera tipo de envase, restos de vómitos, etc. En caso de reiteración, ademais das sancións, procederá a retirada de licenza.

#### Artigo 10.

1. Rematada a carga e descarga de calquera vehí-

culo, con observancia das normas que para tales actividades establece a normativa de Circulación, procederá a limpa-las beirarrúas e calzadas que fosen manchadas durante a operación, retirando da vía pública os residuos vertidos.

2. Están obrigados ó cumprimento deste precepto os donos dos vehículos e, subsidiariamente, os titulares dos establecementos ou fincas na que houbese sido executada a carga ou descarga.

#### Artigo 11.

O persoal do establecemento ou industrias que utilicen para o seu servizo vehículos, e os estacionen na vía pública, deberá limpar debidamente e coa frecuencia necesaria o espazo ocupado polos mesmos.

#### Artigo 12.

1. Os propietarios e conductores de vehículos que transportan terras, escombros, materiais pulverulentos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar, deberán tomar cantas medidas sexan precisas para cubrir tales materiais durante o transporte e evitar que, a causa da súa natureza, por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

2. Nos vehículos que se utilicen en zona de obras, antes de saír á vía pública, deberá procederse ó lavado dos baixos e rodas.

3. Os vehículos abandonados na vía pública serán limpados de oficio en tanto non se proceda á súa retirada e cobrarase tanto esta como o importe da limpeza anteriormente efectuada.

#### Artigo 13.

Nas obras nas que se produzan cantidades de escombros superiores a 1 m<sup>3</sup>, deberán de utilizarse para o seu almacenamento na vía pública contedores adecuados, para os que se contará coa preceptiva autorización municipal.

#### Artigo 14.

1. As persoas que conduzan cans ou outros animais polas vías e espazos públicos, ademais de levalos atados e, no seu caso, con bozo dependendo da perigosidade potencial do animal, e cumprí-los demais requisitos establecidos nas Disposicións Legais vixentes, deberán levar obrigatoriamente unhas bolsas e un recolledor, ou accesorios similares, para a recollida e limpeza das dexeccións. O Concello poderá establecer zonas onde levar a cabo as mesmas.

2. No caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas, xardíns ou outras zonas destinadas ó tránsito peonil, a persoa que conduza o animal está obrigada a súa limpeza inmediata, e deberá, debidamente empaquetada, depositala en papeleiras ou contedores de lixo.

3. As persoas que leven en grande cantidade comida ós animais, e lla dean na vía pública, poderán ser sancionadas.

4. O poseedor de un animal terá a obriga de mante-

lo en boas condicións hixiénico-sanitarias.

En particular quedan prohibidas as seguintes conductas:

- Maltratar ou agredir ós animais ou sometelos a calquera outra práctica que lles produza sufrimentos ou danos inxustificadas .

- Abandoar ós animais.

- Mantelos en instalación indebias dende o punto de vista hixiénico-sanitario.

- Non facilitarlles alimentación necesaria para subsistir.

- Exercer a venda ambulante de animais de compañía.

- Exercer a venda ambulante de outros tipos de animais fora dos mercados ou feiras legalizadas.

5. Os propietarios de animais domésticos tomarán as medidas oportunas para evitar calquer tipo de molestias ós veciños.

6. Queda absolutamente prohibida a entrada e permanencia de cans en restaurantes, bares, cafeterías, etc., en xeral, toda clase de locais adicados a fabricación, venda, amoroamento, transporte ou manipulación de alimentos. Os donos distes locais colocarán a entrada e nun lugar visible o sinal indicando a prohibición.

7. Queda prohibida a circulación ou permanencia de cans e outro animais nas piscinas públicas durante a tempada de baño.

8. Os propietarios de animais pertencentes a especies non autóctonas do comercio permitido por tratados e convenios vixentes no estado español, e os poseedores de animais pertencentes a especies altamente protexidas ou en perigo de extinción, deberán poseer a seguinte documentación que acredite a súa legal importación :

- Certificado sanitario de orixen.

- Permiso de importación.

- Autorización zoosanitaria de entrada en España.

- Certificado establecido na Convención sobre Comercio Internacional de Especies Amenazadas e de flora e fauna silvestre (CITES).

9. Queda prohibido no interior da vila de Sarria o establecemento de cortellos, cochiqueiras, establos etc, onde se teñan animais de cría, ceba ou engorde. Únicamente se poderán ter animais, aínda que sexa en explotación de tipo familiar, nos lugares do medio rural, e sempre con suxeición á normativa de aplicación para cada tipo de explotación e gando.

Está tamén prohibida a instalación de colmeas, cortizos e alvarizas no interior dos núcleos de poboación, e a carón de vías públicas transitadas habitualmente.

### CAPÍTULO III.- LIMPEZA DE EDIFICIOS:

#### Artigo 15.

1. Cando se realice a limpeza de escaparates, por-

tas, marquesiñas, toldos ou cortinas dos establecements comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causar molestias ós transeúntes nin manchar a vía pública e si, non obstante, esta fora manchada, os donos do establecemento están obrigados a súa limpeza, retirando os residuos resultantes.

2. Iguais precaucións deberán de adoptarse para a limpeza de balcóns e terrazas, así coma o rego das plantas instaladas nos mesmos.

3. No caso de que se depositen transitoriamente nas rúas e beirarrúas materiais procedentes da realización de obras de construción de edificios, excavacións de parcelas etc, o executor de ditas obras verase na obriga de limpar axeitadamente a vía pública.

#### Artigo 16.

1. Ó obxecto de mante-las condicións de limpeza e pulcritude que esixen o ornato e estética da vila, queda prohibido:

- a) Colocar carteis e realizar inscricións ou pintadas en paredes, muros, quioscos, fachadas, farolas, cancelas, papeleiras, etc.

- b) Esgazar, manchar ou arrincar aqueles carteis ou anuncios situados nos lugares ou emprazamentos autorizados ó efecto.

- c) Esparexemento de folletos ou follas de publicidade de pola vía pública.

2. Considéranse separadamente como actos sancionables as actuacións contrarias ó disposto no punto anterior, en relación cos anuncios ou carteis de calquera contido, fixados en cada inmovible ou demais lugares prohibidos, podendo imponerse sancións por cada cartel ou folleto que houbesen transgredido estas normas.

3. Por parte do Concello de Sarria regularanse os lugares destinados á instalación de publicidade, extremo que será obxecto da difusión adecuada.

#### Artigo 17.

1. Os propietarios ou titulares de inmoibles, monumentos, quioscos, etc., coidarán, en cumprimento da obriga establecida no artigo 15, de manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa específico dunha profesión ou actividade mercantil.

2. Únicamente permitirase a colocación de carteis ou anuncios nos sitios destinados a este obxecto, sempre que estean amparados pola preceptiva licenza.

#### Artigo 18.

Os propietarios dos edificios teñen a obriga de manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmoibles que sexan visibles dende a vía pública, debendo proceder ó seu pintado, remoción ou lavado, mantendo as condicións de ornato da edificación.

#### Artigo 19.

Cando un inmovible fose obxecto de pintadas ou pegada de carteis, o propietario ou persoa encargada comunicarao ó Concello, o cal decidirá si procede á limpeza

por personal municipal con cargo á persoa ou empresa responsable da actuación, en caso de ser esta coñecida, sendo todo isto sen prexuízo da obriga xenérica de manter por parte dos propietarios a limpeza das fachadas.

#### CAPÍTULO IV.- PROPAGANDA ELECTORAL E LEXISLATIVA:

##### Artigo 20.

Durante todo o ano a publicidade colocarse unicamente nos lugares autorizados. Durante os periodos electorais e aqueles outros de xeral participación cidadán, nos que sexa pertinente a realización de actos de propaganda e publicidade, o Concello de Sarria adoptará, de conformidade co que se dispoñía na respectiva normativa, espazos especialmente reservados para a súa utilización como soportes publicitarios.

##### Artigo 21

1. Prohibese toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, calzadas, aceras, mobiliario urbano, como sobre muros, paredes, estatuas, monumentos...

2. Serán en relación ó apartado 1 anterior:

a) As pinturas murais realizadas sobre os cerres dos solares, cerres de obra e elementos con carácter provisional.

b) En calquera momento a través dos servizos municipais correspondentes, o concello poderá proceder ó borrado ou eliminación das pintadas, tanto si dispoñen de autorización como si non a tiveran.

#### TÍTULO II.- RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS

##### CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS:

##### Artigo 22.

Os efectos deste Regulamento, definimos como residuos sólidos a aqueles que surxen de actividades humanas (materiais resultantes de procesos de fabricación, transformación, utilización, consumo ou limpeza) ou animais, que son abandonados polo posuidor ou produtor, ó carecer de aproveitamento.

##### Artigo 23.

Para garanti-la salubridade cidadán establécese a obrigatoriedade da utilización do servizo de recollida e tratamento do lixo e dos residuos sólidos en tódalas zonas urbanas e nos lugares do medio rural onde, de xeito progresivo, se vaia establecendo.

##### Artigo 24.

Entenderemos por recollida domiciliaria á retirada do lixo producido nas vivendas, comercios, hotéis, establecementos sanitarios, centros de servizo, solares e centros industriais, que se fai periódicamente. Dita recollida de residuos sólidos será establecida polo Concello, cos itinerarios, frecuencia e horario que se consideren oportunos, e prestarase ben directamente pola Administración Municipal ou a través da Concesión Administrativa a unha empresa privada.

##### Artigo 25.

O servizo municipal non comprende a recollida e tratamento dos residuos producidos por actividades industriais, de construción e agrícolas ou ganadeiros. Tódolos residuos de dita procedencia que teñan que ser conducidos ós recintos de tratamento de residuos, serán transportados e depositados polos propios interesados nos puntos que lles sexan sinalados, previa solicitude de autorización ó servizo.

##### Artigo 26.

1. Da recepción dos residuos sólidos urbanos, farase cargo o personal do Servizo Municipal, ou no seu caso, da Empresa Concesionaria ou Entidade de Xestión que corresponda en cada momento, segundo se decida polo Concello. Encargarase de:

- Traslado de basuras dende o punto do seu depósito ou acumulación, ata os vehículos de recollida.

- Recollida de basuras en ditos vehículos.

- Devolución, se procede, dos elementos de contención unha vez valeiros, ós puntos orixinarios de recollida.

- Limpeza e retirada dos restos de basuras vertidas na vía pública a consecuencia destas operacións.

- Transporte e descarga de basuras na pranta de tratamento.

2. O Concello utilizará unicamente vehículos destinados a este tipo de servizos, que impidan os malos olores.

3. Ninguna persoa física ou xurídica poderá adicarse á recollida, transporte ou aproveitamento dos residuos sólidos urbanos, e industriais asimilables, nin non asimilables (sexan papel, cartón, madeira, vidros, plásticos, metais, pilas e baterías), calquera que sea a súa natureza, sen a previa concesión de autorización municipal.

4. A recollida ou retirada de residuos sólidos por particulares sen autorización municipal poderá ser obxecto de sanción, así como do seu depósito ou tenencia.

5. Prohibese o libramento de basuras domiciliarias ou de comercios, que conteñan residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.

6. Para a súa entrega ós servizos de recollida de basuras, tódolos elementos que conteñan basuras deberán estar perfectamente atados ou tapados, de modo que non se produzan vertidos de materiais residuais.

##### Artigo 27.

Todoos usuarios do servizo teñen as seguintes obrigas:

1. Nos contenedores non se poderán depositar produtos obtidos da limpeza de xardíns, hortas etc.

2. Non depositar tampouco nos contenedores madeiras, ferros etc, procedentes de obras, ou outros obxectos que pola súa natureza poidan estraga-lo mecanismo de trituración do que están dotados os camións do servizo de recollida de lixo.

3. Unha vez esgotadas as pilas, serán entregadas nos establecementos onde sexan adquiridas habitualmente, ou ben en recipientes específicos que, coas debidas garantías estableza o Concello, en puntos de uso xeralizado. O Concello controlará o envío de pilas a vertedoiros especiais.

## CAPÍTULO II:

### Artigo 28.

1. Enténdese por residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así coma os producidos en establecementos comerciais que pola súa natureza e volume son asimilables ós anteriores.

2. O Concello pode disponer que en toda a Vila ou en sectores ou zonas determinadas, se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais, aqueles residuos susceptibles de distintos aproveitamentos, tales como papel, cartón, vidros, latas, pilas, etc.

3. Será obriga do Servizo Municipal de Recollida ou Empresa Concesionaria o baleirado dos contenedores propios do Servizo de Limpeza, que se utilicen para deposita-las barreduras e desperdicios procedentes de papeleiras.

4. Prohíbese a utilización por parte dos particulares dos contenedores propios do Servizo de Limpeza.

### Artigo 29.

1. O depósito dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipientes normalizados (contenedores), que en cada caso sinale o Concello, e que serán suministrados polo Concello en número suficiente para atender as necesidades dos habitantes da Vila, e sempre dentro de bolsas ben cerradas. Os comerciantes que, polo volume de lixo, precisen un maior número de contenedores dos suministrados, deberán adquiri-los pola súa conta, se ben deberán ser homologados polo Concello.

2. Os usuarios de tales recipientes teñen a obriga de conserva-los en adecuadas condicións de hixiene, non podendo ser lavados na vía pública.

3. As operacións de lavado e limpeza que no seu caso esixan os recipientes normalizados, serán efectuados periodicamente polo Concello ou empresa concesionaria do servizo, salvo nos casos dos contenedores individuais, que deberán ser lavados e mantidos en bo estado polos usuarios dos mesmos.

4. Os titulares de establecementos que manexen ou utilicen produtos perecedoiros deberán deposita-los residuos en contenedores individuais, no podendo usalos comunitarios, e depositando sempre os residuos en bolsas herméticas, evitando a súa dispersión e tamén a xeración de malos olores.

5. As caixas de cartón de grandes dimensións deben ser despegadas, e empacetas correctamente nos contenedores, ocupando o menor espazo posible.

6. Todos aqueles establecementos que sexan grandes produtores de residuos deberán mante-los conte-

nedores no interior das súas dependencias ata as 20:00 horas, excepto os meses de xuño a setembro, que non poderán depositarse antes das 22:00 horas.

7. Nos mercados, supermercados e demais establecementos de alimentación, cafeterías, etc., nos que esté previsto o depósito continuo de residuos en contenedores ou aparatos especialmente habilitados ó efecto, serán depositados con precisión nos mesmos en atención a súa finalidade e cor (verde, azul, amarelo e gris).

### Artigo 30.

1. Nas zonas en que existan recipientes normalizados, os veciños depositarán neles os residuos e o persoal do vehículo colector baleirá o contido dos recipientes no camión e depositará os baleiros onde se encontraban.

2. Nun e noutro suposto, o lixo e desperdicios depositaranse en bolsas pechadas e non poderán ser deixadas nos contenedores ou na vía pública antes das 19:00 horas.

3. Prohíbese deposita-lo lixo nas datas que o Concello indique como inhábiles do servizo.

### Artigo 31.

1. Os contenedores serán situados na vía pública, naqueles lugares que se determinen pola Administración Municipal. Unha vez baleiros os recipientes non desfeitos, procederase a súa retirada, en caso de supermercados ou establecementos que teñan contenedores grandes.

2. Nos supostos de que os establecementos comerciais xeren un elevado número de residuos urbanos asimilables, o Concello poderá esixi-la instalación dun sistema de compactación previo dos residuos, que se depositarán nos recipientes normalizados.

### Artigo 32.

1. Nos centros públicos ou privados, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, etc., a recollida efectuarase polo Servizo Municipal ou empresa concesionaria.

2. Si unha entidade pública ou privada tivera, por calquera causa, que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúe a produción dirixida normal e non de forma frecuente, deberá presentalos conxuntamente cos residuos habituais, comunicándollos con antelación o concello, o cal lle notificará o pago das taxas correspondentes, ou ben solicitar do Servizo de Recollida ou Empresa Concesionaria a súa retirada, aboando os custos correspondentes.

3. Os grandes xeradores de residuos urbanos estarán obrigados a dispoñer dun lugar específico dentro do seu establecemento para a custodia destes contenedores.

## CAPÍTULO III.- RESIDUOS INDUSTRIAIS:

### Artigo 33.

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser



clasificados como inertes ou asimilables ós residuos urbanos, e en xeral os que presenten un risco potencial para a saúde pública ou o medio ambiente.

#### Artigo 34.

Os produtores e posuidores de residuos industriais especiais, estarán obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, aproveitamento dos mesmos, se realice sen risco para as persoas.

#### Artigo 35.

1. Para desfacerse dos residuos industriais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose á vista da natureza e características dos mesmos, o lugar para a súa eliminación ou aproveitamento.

2. Os produtores de residuos que poidan resultar tóxicos ou perigosos, deberán previamente á súa recollida, realizar un tratamento para eliminar ou reducir as súas características, así como adopta-las medidas para asegurar o seu traslado.

3. Nestes casos, a empresa ou produtor destes residuos estará obrigado a cumprila normativa vixente.

#### Artigo 36.

1. En ningún caso se permitirá o vertido de residuos industriais que pola súa natureza sexan causantes de malos olores, etc., en zonas próximas a vivendas e en lugares non preparados para isto, nin na rede de sumidoiro municipal.

2. Non pode realizarse no termo municipal a eliminación de residuos mediante a súa incineración.

#### Artigo 37.

Para o vertido de residuos industriais, sexa cal sexa a súa natureza, é preceptivo contar co permiso municipal, previo pago das taxas correspondentes.

#### Artigo 38.

Os responsables de talleres e establecementos industriais están obrigados a gardar os aceites usados para que sexan recollidos polas empresas autorizadas.

Tamén instalarán no recinto unha ou varias arquetas separadoras de graxas, de tal xeito que estes produtos non se vertan ó sistema de alcantarillado.

### CAPÍTULO IV.- RESIDUOS ESPECIAIS:

#### Sección 1º.- TERRAS E ESCOMBROS:

#### Artigo 39.

1. Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados os entullos procedentes de calquera clase de obras.

2. O pequeno entullo que resulte asimilable no sistema de eliminación e tratamento de lixo adoptado polo municipio poderá ser depositado no Punto Limpio, ou lugar establecido polo Concello, previo pago das taxas correspondentes.

3. Poderá autorizarse o vertido de entullo non asimila-

ble nos terreos que propoña o solicitante, sempre que se trate de material inerte e conte co informe favorable dos Técnicos Municipais.

4. Nos supostos de utilización do entullo ou terras para recheos ou utilización en terreos particulares, deberá solicitarse previamente a preceptiva licenza municipal, acompañando, no seu caso, memoria sobre impacto medioambiental. Poderá autorizarse asimesmo con carácter provisional o depósito de entullos namentres se realice unha obra determinada.

5. Queda prohibido acumular productos perecedeiros en solares ou terreos.

#### Artigo 40.

1. Prohibese depositar na vía pública toda clase de entullos ou desfeitos procedentes de construción e remodelación de edificios, ou de obras realizadas no interior dos mesmos, sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.

2. Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fora dos límites do valado protector das obras, material de construción (area, ladrillos, cemento, etc.), así como a súa manipulación.

#### Artigo 41.

1. Os residuos e materiais do artigo anterior só poderán almacenarse na vía pública utilizando para isto contenedores adecuados, a cal instalación deberá cumprilos requisitos e condicións que se sinalan na Ordenanza Municipal correspondente ou sexan autorizados polo Concello.

2. A colocación de contenedores requirirá autorización municipal, previo abono das taxas correspondentes.

3. Os contenedores deben estar dotados dos dispositivos adecuados que permitan mantelos cubertos cando non sexan utilizados, para preservalo ornato urbano e evitar que outras persoas arroxen naqueles barrederas domiciliarias ou trastes inútiles.

4. Cando os contenedores se atopen cheos de entullos procederase en prazo non superior a vinte e catro horas, a súa retirada e substitución por outros baleiros. A estes efectos os materiais depositados non poderán exceder en ningún caso o plano delimitado polas arestas superiores do colector, estando prohibido o uso de suplementos ou engadidos para aumentala capacidade do recipiente. En caso de incumprimento o Concello poderá retirar-lo colector, que unha vez baleiro quedará en depósito, previo pago dos gastos a que ascenda a retirada, transporte e vertido.

5. Os contenedores deberán ser retirados, a ser posible, os sábados antes das 20:00 horas, e non poderán volver a ser instalados antes das 8:00 horas do luns. Caso de que houbera días festivos na semana, asimesmo deberán ser retirados os contenedores.

6. Os contenedores situaranse, se fose posible no interior da zona de obras e noutro caso, na calzada, na veira da rúa.

De non ser posible dentro da obra, na plaza, zonas peatonais, etc., os contenedores colocaranse o máis cerca posible a obra, non obstaculizando vivendas ou establecementos, e perxudicando o menos posible o paso de peatóns ou vehículos.

#### Sección 2ª.- MOBLES, UTENSILIOS E OBXECTOS INÚTILES:

##### Artigo 42.

1. Queda prohibido depositar nos espazos públicos, mobles, enseres, e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camións contenedores da recollida domiciliaria.

2. Queda prohibido depositar na vía pública obxectos para a reserva de espazo.

3. Queda prohibido o abandono de vehículos nas vías públicas.

Entenderase como vehículos abandonados:

a) Cando o estado de suciedade exterior ou interior indique abandono.

b) Cando teña unha ou máis rodas baixas ou careza dalgunha.

c) Cando acumule suciedade baixo o vehículo a consecuencia da inmovilidade.

d) Se o vehículo ten cristais rotos, portas abertas, falta de asentos, etc.

e) Cando careza de placas de matrícula.

f) Cando o propietario se encontre en ignorado para-oiro, sen ningún familiar ou apoderado que se faga cargo da retirada

4. Queda prohibido o ter como expositores na vía pública, vehículos ou calquera outro aparello, así mesmo, utiliza-la vía pública como exposición de alimentos ou materiais. Estes artigos poderán ser requiridos por personal municipal e sempre se cobrarán as taxas correspondentes.

5. As persoas que desexen desprenderse de tales elementos solicitarano, no seu caso, debendo abonar aquelas os custes se os houbera.

#### Sección 3ª.- ANIMAIS MORTOS

##### Artigo 43.

- Prohíbese o abandono de cadáveres de calquera animal sobre toda clase de terreos, vías ou espazos públicos, así como a súa inhumación en terreos de propiedade pública.

- Quen observe a presenza dun animal morto deberá comunicar tal circunstancia ó servizo municipal competente coa finalidade de proceder a súa retirada nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

##### Artigo 44.

A retirada de animais mortos na vía pública, será competencia do Servizo Municipal de Limpeza, ou Empresa Concesionaria do Servizo e do propietario se

é coñecido.

#### Sección 4ª.- RESIDUOS CLÍNICOS

##### Artigo 45.

A efectos desta ordenanza, consideranse residuos clínicos:

1. Os procedentes de vendaxes, gasa, algodón, xiringas, restos de medicamentos ou os seus envases, tubos de ensaio etc.

2. Os asimilables ou residuos domiciliarios, tales como restos de comida, lixo procedentes da limpeza e embalases, de Residencias e Centros Sanitarios.

3. En xeral todo residuo que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

##### Artigo 46.

1. Os residuos procedentes de centros sanitarios, teñen que estar debidamente envasados e pechados, utilizando para isto recipientes normalizados.

2. En ningún caso se permitirá o depósito ou vertido de materiais radioactivos, nin de restos patolóxicos.

3. Non se autorizará o vertido no termo municipal debendo facelo nos autorizados pola Comunidade Autónoma.

#### Sección 5ª.- OUTROS RESIDUOS.

##### Artigo 47.

Inclúense neste epígrafe calquera outros residuos non sinalados especificamente entre os especiais ou aqueles que, procedendo de actividades comerciais, esixan unha recollida, transporte ou tratamento selectivo por razón das condicións anormais en que os mesmos poderan encontrarse.

##### Artigo 48.

Non se permitirá o vertido de produtos, materias graxas, oleaxinosas, líquidos e calquera outro material non asimilable ou que sexan propios de vertedoiros industriais ou especiais, nin en contenedores nin en sumidoiros.

#### TÍTULO III.- TRATAMENTO DE RESIDUOS

##### Artigo 49.

1. Son de exclusiva competencia Municipal, os vertedoiros e plantas de eliminación de lixo e residuos urbanos.

2. A xestión do servizo poderá facerse mediante xestión directa, ou por concesión, arrendamento, etc. polo Concello de Sarria. Poderase establecer ademais vertedoiros, estacións de transferencia ou planta de eliminación mediante convenios ou outros acordos con S.O.G.A.M.A., a Xunta de Galicia ou outras entidades locais, tanto para vertedoiros de produtos domiciliarios e residuos sólidos asimilables, así como para outros destinados ó vertido de residuos especiais e entullos.

##### Artigo 50.

1. Queda prohibido no ámbito do termo municipal o

depósito e vertido de lixo e residuos en zonas distintas ás instalacións municipais adicadas a tal fin.

2. Todo vertido incontrolado será clausurado inmediatamente sen prexuíxo das sancións a que houbera lugar.

3. Cando a administración ordene a limpeza e/ou peche dun solar ó seu propietario, e o mesmo non o fixera no prazo que se lle outorga, a Administración procederá a realiza-la obra de forma subsidiaria con gastos a costa do obrigado, independentemente da sanción que lle fora imposta por desobediencia á Alcaldía.

#### Artigo 51.

1. O Concello, a través dos servizos técnicos e dos axentes da policía municipal ou outro personal municipal, denunciarán cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente ordenanza.

2. Igualmente poderá calquera persoa natural, ou xurídica, denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza sempre que ostente interese lexítimo e directo.

### TÍTULO IV.- PROTECCIÓN AMBIENTAL FRONTE A RUIDOS

#### CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS:

#### Artigo 52.

1. A intervención municipal impedirá que as perturbacións por ruidos excedan dos límites que se indican no presente título, e as normas neste ámbito desta Ordenanza son de obrigado cumprimento sen necesidade dun previo acto ou requerimento de suxeición individual, para toda actividade que se encontre en funcionamento, exercicio ou uso, e supoñan a produción de ruidos e/ou vibracións molestas ou perigosas. Estas normas serán orixinariamente esixibles a toda clase de instalacións a través dos correspondentes sistemas de licenza ou autorizacións municipais. As actividades e instalacións autorizadas con anterioridade á entrada en vigor da ordenanza axustaránse ás normas establecidas nela segundo o prescrito nas disposicións transitorias.

2. Sen ter en conta as perturbacións producidas polo tráfico rodado de vehículos, non se poderá producir ruído ningún que exceda no medio exterior ós niveis equivalentes que se indican a continuación:

	Niveis máximos permitidos (dBA)	
	Día (8:00 - 22:00 h)	Noite (22:00 - 8:00 h)
Zonas sanitarias	45	35
Zonas industriais e de almacén	70	55
Zonas comerciais	65	55
Zonas de vivendas e edificios	55	45

3. A medición realizarase no exterior da actividade e a 1,5 mts. da fachada ou liña da propiedade das actividades posiblemente afectadas.

4. En calquera caso, cando o nivel sonoro ambiental, é dicir, o nivel sonoro existente no punto de medición,

que será preceptivo para determinar previamente suprimindo a emisión das fontes ruidosas obxecto de comprobación, supere o valor do nivel sonoro límite establecido, ou nivel de ruído de fondo, considerarase circunstancialmente límite autorizable.

5. No caso de instalacións ou actividades industriais que vaian a establecerse durante pouco tempo, e que non sexan típicas da zona considerada, os límites citados aumentaríanse en +5 dBA.

#### Artigo 53.

Condicións para instalación e apertura de actividades en locais: As condicións esixidas para os locais situados en edificios habitados e destinados a calquera actividade que poida considerarse como foco de ruído, son as seguintes:

1. Os elementos constructivos horizontais e verticais de separación entre calquera instalación ou actividade que poida considerarse como un foco de ruído, e todo outro recinto contiguo deberán, mediante tratamento de insonoración apropiado, garantir o illamento acústico mínimo de 45 dBA, si se ha de funcionar entre as 22:00 e as 8:00 horas, aínda que sexa de forma limitada.

2. O conxunto de elementos constructivos dos locais en que estean situados os focos de ruído que se atopen contiguos a outras edificacións como son fachadas e muros de patios de luces, deberán asegurar unha media de illamento mínimo ó ruído aéreo de 30 dBA, durante o horario de funcionamento de dito foco de ruído.

3. Os valores de illamento refírense tamén ós orificios e mecanismos para a ventilación dos locais emisores, tanto en inverno como en verán.

4. O suxeito pasivo da obrigación de incrementar o illamento ata os mínimos sinalados é o titular do foco de ruído. En relación co apartado 1º deste artigo, cando o foco emisor de ruído sexa un elemento puntual, o illamento acústico poderá limitarse a dito foco emisor, sempre que con isto se cumpran os niveis esixidos.

5. Tódalas actividades susceptibles de producir molestias por ruído deberán exercer a súa actividade coas portas e ventás pechadas.

6. En calquera transmisión de licenza de apertura dun local que poida considerarse como foco de ruído podería efectuarse unha verificación previa pola Administración, de que reúne as condicións de instalación e apertura de actividade e que previo requerimento e transcorrido o prazo dun mes non se houbesen adoptado as medidas correctoras precisas, previo expediente contradictorio, procederase á clausura do local.

7. Co fin de evita-la transmisión sonora directamente ó exterior, ademais do tratamento acústico de paredes, solos e teitos dos locais dotados de equipo musical de emisión igual ou superior de 80dB (A), será obligatoria a instalación dunha dobre porta, con peche automático e dispositivo antipánico de apertura manual, e constituíndo un vestíbulo cortaventos que configure un espazo intermedio o cal actúe como cámara de control para impedir que as dúas portas se atopen abertas ó mesmo tempo. Será obrigatorio de modo xeral para tódolos

establecimientos que funcionen en horario nocturno o mante-las portas constantemente pechadas a partir das 22 horas, agás para a entrada e saída de persoas.

#### Artigo 54.

1. A produción de ruídos na vía pública nas zonas de pública concorrencia, ou no interior dos edificios e locais, non poderán superar en caso algún os límites que esixe a convivencia cidadán, especialmente en horas de descanso nocturno, considerándose como especialmente negativos os ruídos producidos que se sinalan seguidamente:

a) Ton excesivamente alto da voz humana ou actividade directa de personas.

b) Sons e ruídos emitidos por animais domésticos: a posesión de animais domésticos obriga ó seu dono á adopción das precaucións oportunas, co fin de evitar molestias á veciñanza.

c) Aparatos e instrumentos musicais e acústicos.

d) Aparatos domésticos.

2. Tamén se considerará como transgresión desta Ordenanza, excepto en circunstancias excepcionais e autorizadas, a utilización de fogos de artificio, especialmente durante o horario nocturno.

3. Fixado pola Autoridade competente o horario de peche correspondente ás distintas actividades non poderá seguir funcionando ningún instrumento ou aparato musical (radio, televisión, magnetófonos, tocadiscos, altofalantes, etc.) dentro ou fóra do local namentres non transcorren oito (8) horas dende a fixada para o seu peche.

4. De forma xeral e para tódalas actividades reguladas nesta ordenanza despois da súa hora de peche e no curso das seguintes oito (8) horas os niveis de emisión interna de ruídos non poderán sobrepasar os 25 db.

#### Artigo 55.

En relación cos ruídos a que se refire o artigo 54 queda prohibida a produción de calquera tipo de ruído molesto e perturbador do descanso, que se poida evitar no interior das casas, dende as 22,00 horas ás 8,00 horas da mañá, producido por reparacións, materiais, ou mecanicas de carácter doméstico, cambio de mobles, ou por uotras causas.

#### Artigo 56.

En relación ós ruídos a que se refire o apartado c) do artigo 54.1, establécense as prevencións seguintes:

1. Os propietarios, usuarios o posuidores de aparatos de radios, televisión, magnetófonos, tocadiscos, altofalante, pianos ou calquera outro instrumento musical ou acústico no propio domicilio, deberán axustar o seu volume de forma que non sobrepasen os niveis establecidos no artigo 52.

2. Prohíbese na vía pública e en zonas de pública concorrencia como prazas ou parques, a utilización de aparatos musicais ou acústicos, ou instrumentos da mesma natureza ou análogos cando superen os niveis

máximos establecidos no artigo 52. En calquera caso para este tipo de publicidade será necesaria a autorización municipal.

3. Os ensaios ou reunións musicais, instrumentais ou vocais, e festas privadas, deberán cumprilo establecido precedentemente.

#### Artigo 57.

Cando se producise unha denuncia de particulares ou cando de oficio, pola propia Administración, existisen dúbidas sobre o cumprimento da normativa ou condicións de illamento acústico dun local ou actividade, pola Administración procederáse á comprobación da instalación existente, efectuando unha medición consistente en reproducir nun equipo a inspeccionar un son co mando do potenciómetro de volume ó máximo nivel, e coas súas condicións medirase o ruído na vivenda máis afectada.

Engadirase ó ruído musical o producido por outros elementos do local, como extractores, electrodomésticos e outros, non podendo excede-los límites fixados para a actividade.

#### Artigo 58.

Para a concesión de novas licenzas de instalación de actividades comerciais e industriais, ou transmisión das existentes, directa ou potencialmente produtoras de ruído durante o período de descanso nocturno, esixírase ademáis de tódolos requisitos establecidos na lexislación de aplicación, un estudio técnico das medidas correctoras previstas relativas ó illamento acústico e de vibracións. Este estudo, que formará parte do proxecto que se presente, comprenderá como mínimo os seguintes elementos:

a) Descrición do local con especificación dos usos dos locais lindeiros e a súa situación con respecto a vivendas.

b) Detalle das fontes sonoras e vibratorias e niveis de emisión acústicos destas, a un metro de distancia, especificándose as gamas de frecuencias.

c) Descrición das medidas correctoras previstas e xustificación técnica da súa efectividade.

d) Especificamente para bares, pubs, discotecas, bares musicais e establecementos análogos, na documentación que se presente para a obtención da licenza de apertura será preciso engadir un estudo realizado por un técnico competente no cal se detallen os seguintes aspectos da instalación:

- Descrición do equipo musical: potencia acústica e gama de frecuencias.

- Situación, número de altofalantes e descrición de medidas correctoras (direccionalidade, suxeición, etc.).

- Descrición dos sistemas de illamento acústico con detalle das pantallas de illamento, especificación de gamas de frecuencia e absorción acústica.

- Cálculo xustificativo do coeficiente de reverberación e illamento

## Artigo 59.

Para a concesión da licenza de apertura definitiva das actividades a que se refire o artigo 58, ademais da comprobación pola propia Administración, deberá acompañarse certificación do Director Técnico da Obra ou instalación ou polo facultativo competente de que a instalación axústase ó estudo técnico e de efectividade das medidas correctoras adoptadas, cumprindo os requisitos de protección ambiental fronte a ruídos especificamente previstos nesta ordenanza.

## Artigo 60.

## Do ruído dos vehículos:

1. Os vehículos de motor e ciclomotores que circulan pola vía pública deberán ter en boas condicións de funcionamento tódolos elementos dos mesmos capaces de producir ruídos, e especificamente o dispositivo silenciador de gases de escape, co fin de que o nivel sonoro emitido polos vehículos co motor en marcha non exceda dos límites establecidos neste artigo.

2. Os condutores de vehículos a motor, a excepción dos vehículos de servizo público de titularidade local, estatal ou autonómica, ou as ambulancias, absteranse do uso dos seus dispositivos acústicos en todo o termo municipal durante as vinte e catro horas do día, incluso no suposto de dificultade ou imposibilidade de tránsito que se produza nas vías públicas. Só será xustificable a utilización instantánea de avisadores acústicos en casos excepcionais de perigo inmediato de accidente que non podan evitarse por outros sistemas.

3. O nivel de emisión de ruído dos vehículos, automóbiles en circulación, considerarase admisible sempre que non rebase en máis de 2 dBA os límites establecidos pola homologación de vehículos novos, salvo os correspondentes a tractores agrícolas, ciclomotores e vehículos automóbiles de cilindrada non superior a 50 c.c.

4. Os valores dos límites de emisión máximos de ruídos nos distintos vehículos a motor en circulación serán os seguintes:

- Vehículos de categoría M1: 90 dBA.
- Vehículos de categoría M2 o cal peso máximo non sobrepase as 3,5 toneladas: 82 dBA.
- Vehículos da categoría M2 o cal peso sobrepase as 3,5 toneladas, e vehículos da clase M3, 82 dBA.
- Vehículos da categoría M2 e M3 o cal motor ten unha potencia de 147 KW (ECE) ou máis: 85 dBA.
- Vehículo de categoría N1: 81 dBA.
- Vehículo das categorías N2 e N3, 86 dBA.
- Vehículos da categoría N3 o cal motor ten unha potencia de 147 KW (ECE) ou máis: 88 dBA.

5. Os escapes de gases de todo tipo de vehículos a motor deben estar dotados dun dispositivo silenciador das explosións de forma que en ningún caso se chegue a un nivel de ruídos superior ó que se establece para

cada unha das categorías de vehículos. O dispositivo silenciador non poderá ser posto fora de servizo polo condutor.

6. Tanto nas vías públicas urbanas como interurbanas prohibese a circulación de vehículos de motor de calquera natureza e ciclomotores co chamado "escape de gases libre", e tamén destes vehículos cando os gases expulsados polos motores, en vez de atravesar un silenciador eficaz, saian dende o motor a través dun incompleto, inadecuado ou deteriorado, ou ben a través de tubos resoadores.

7. A infracción deste artigo poderá dar lugar á denuncia, e no seu caso, precintado para a inmovilización do vehículo, sen prexuízo ademais das accións que fosen procedentes.

8. Cando a xuízo da Policía Municipal ou a instancia de parte existise denuncia contra o propietario dun vehículo que poida sobrepasar os niveis máximos de emisión de ruído permitido, previo requerimento, terá este a obriga de presentalo vehículo no lugar e horario precisos para o seu recoñecemento e inspección. En caso de non presentarse o vehículo dentro dos quince días dende o requerimento ó seu titular, presumirase a conformidade do propietario coa denuncia.

Si inspeccionado o vehículo este non superase os niveis sonoros permitidos, a denuncia será sobreseida. En caso contrario o vehículo deberá ser reparado e acreditarse no prazo de un mes tal circunstancia ante o Concello, rexendo idéntica obriga en caso de non presentación para exame do mesmo. Se transcorrido o prazo referido non se acredita a idoneidade para a circulación e a supresión ou mitigación do foco de ruído, o vehículo non poderá circular polas vías públicas municipais e pasarase notificación das irregularidades detectadas á Xefatura Provincial de Tráfico ós efectos procedentes.

## Artigo 61.

## Obras de construción:

1. Os traballos temporais, coma os de obras de construción públicas ou privadas non poderán realizarse entre as dez da noite e as oito da mañá, se producen un incremento sobre o nivel de fondo dos niveis sonoros do interior de propiedades alleas. Durante o resto da xornada os equipos empregados non poderán en xeral alcanzar a cinco metros de distancia niveis sonoros superiores a 90 dBA, a tal fin adoptaranse as medidas correctoras pertinentes.

2. Exceptúase da prohibición de traballar en horas nocturnas ás obras urxentes por razóns de necesidade ou perigo, ou aquelas que polos seus inconvenientes non poidan facerse de día. O traballo nocturno deberá ser autorizado expresamente pola autoridade municipal, que determinará os límites sonoros que se deberán cumprir.

## Artigo 62.

1. As actividades de carga e descarga de mercadorías, manipulación de caixas, contenedores, materiais de construción e obxectos similares, deberán realizarse co

máximo cuidado a fin de minimizar las molestias, evitando el ruido producido por la trepidación de la carga durante el recorrido.

2. A carga, descarga e transporte de materiais deberá facerse en determinados horarios, de maneira que o ruído producido sexa o mínimo e non resulte molesto. A este respecto estarase ó disposto nos Bandos e Decretos da Alcaldía.

#### Artigo 63.

Dos sistemas de alarma ou sirena dos inmobles.

1. A instalación de calquera sistema de alarma ou sirena está suxeita á concesión da preceptiva autorización por parte do Concello.

2. A fin de que a Administración Municipal poida dispoñer de elementos de xuízo para resolver sobre a solicitude de autorización, o interesado deberá acompañar a esta os seguintes documentos:

- Documentación que acredite a titularidade dos locais ou bens nos cales se pretenda instalar, e, no caso de locais comerciais ou industriais, licenza de apertura e alta do I.A.E.

- Planos 1/100 dos locais ou inmobles con clara indicación da situación do elemento emisor.

- Nome, enderezo postal e teléfono do responsable do control e desconexión do elemento emisor en locais ou inmobles.

- Especificacións técnico acústicas da fonte sonora detallando os elementos construtivos.

- Dirección completa da comunidade de propietarios ou persoa responsable a fin de que o Concello informe da súa instalación e indique os procedementos de denuncia en caso de uso indebido ou anormal do sistema.

3. Os sistemas de alarma deberán estar en todo momento en perfecto estado de uso e funcionamento, co fin de impedir que se autoactiven ou activen por causas inxustificadas ou distintas ás que motivaron a súa instalación. Cando este feito se produza o titular ou responsable deberá proceder inmediatamente á súa desactivación. En todo caso os axentes da autoridade poderán proceder á súa derivación ou desconexión obrigatoria cando o titular ou responsable non cumpra as obrigacións que lle impón esta ordenanza, sen perxuízo da imposición da sanción que proceda.

#### Artigo 64.

Calquera outra actividade ou comportamento singular ou colectivo non comprendido nos artigos precedentes, que conleve unha perturbación por ruidos para a veciñanza, que sexa evitable coa observancia dunha conducta cívica normal, entenderase como incurso no réxime sancionador desta ordenanza.

### CAPÍTULO II.- ZONAS ACUSTICAMENTE SATURADAS.

#### Artigo 65.

Defínense como zonas acusticamente saturadas

(ZAS) aquelas zonas ou lugares do concello nos cales se produce un elevado impacto sonoro debido a existencia de numerosos establecementos susceptibles de producir niveis sonoros dos regulados na presente ordenanza, a actividade das persoas que os usan e ao ruído producido polos vehículos que transitan por ditas zonas, tendo como consecuencia unha acusada agresión acústica ós cidadáns.

#### Artigo 66.

Sobre a declaración de zonas acusticamente saturadas:

O Concello poderá establecer as ZAS dentro do término municipal de Sarria. Una vez finalizada a tramitación do correspondente expediente, será o Concello Pleno quen proceda á declaración de ZAS.

#### Artigo 67.

Sobre os efectos da declaración de zona acusticamente saturada:

1. As ZAS quedarán suxeitas a un réxime especial de actuacións que perseguirá a progresiva redución dos niveis sonoros, ata alcanzar os establecidos con carácter xeral nesta ordenanza.

2. En función das circunstancias concorrentes, poderán adoptarse todas ou algunhas das seguintes medidas:

- a) Limitación do réxime de horarios de acordo coa normativa vixente.

- b) Prohibición ou limitación horaria de colocar mesas e cadeiras na vía pública, e retirada temporal das licenzas concedidas ó efecto.

- c) Establecemento de restriccións para o tráfico rodado.

- d) Establecemento de límites de emisión máis restrictivos que os de carácter xeral, esixindo ós titulares das actividades as medidas correctoras complementarias.

- e) Prohibición de instalar, modificar ou ampliar as actividades que, expresamente, se determinen e que poidan ser orixe da saturación, incluso na Zona de Respeto.

- f) Prohibición de actividades comerciais ou publicitarias na vía pública.

- g) Calquera outra medida tendente á consecución do nivel de ruído regulado nesta ordenanza.

### TÍTULO V.- LIMPEZA E ORNATO DE TERREOS E EDIFICACIÓNS

#### Artigo 68.

Obrigacións de propietarios de terreos e edificios:

1. De conformidade coa previsión contida no artigo 199 da Lei do solo de Galicia, os propietarios de terreos ou edificacións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, e con suxeición ás normas sobre protección do medio ambiente, isto inclúe que os solares que linden cunha vía pública deberán estar valados con pechamentos permanentes

situados na alineación oficial e mantidos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguridade e ornato.

2. Teñen consideración de solares, ós efectos desta ordenanza as superficies de solo urbano determinadas no artigo 16 da Ley 9/2002, do 30 de decembro, modificada pola Ley [GALICIA] 15/2004, 29 de decembro.

3. O valado dos solares é obra menor e está sometida a previa licenza. Enténdese por valado do solar, ó cerramento exterior dunha parcela susceptible de aproveitamento urbanístico ou situada no interior de zona urbana.

4. O concello poderá permitir a ausencia de valado nos casos en que, transitoriamente, os solares se destinen ó esparcemento, benestar social ou funcións de interés público.

5. A hixiene, seguridade e ornato inclúe a esixencia de desratización e desinfección dos solares, mantelos limpos de maleza, e impedirán que as árbores que alí vexeten estendan as polas riba da vía pública.

6. A altura dos valados será de alta ata un metro e medio e opacas, e construíranse con materiais que garantan o seu ornato e seguridade respetando a norma de planificación urbanística vixente.

7. Se por motivo de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigacións do propietario, o Concello poderá acceder ós solares de propiedade privada derrubando os valados cando se faga necesario.

8. Os propietarios ou responsables de inmobles con fachadas á vía pública deberán evitar exponer en ventás, balcóns, terrazas ou lugares similares, roupa tendida e calquera clase de obxectos contrarios á estética da vía pública.

9. Os propietarios de edificacións en estado ruinoso, tomarán tódalas medidas necesarias para ó aseguramento do inmovible, a fin de evitar riscos, tanto para os persoas como para as cousas.

10. A colocación de valados publicitarios, carteis, pancartas e adhesivos requirirá en todo caso autorización, e non se permitirá a colocación de elementos publicitarios en:

- Espazos libres públicos e elementos de mobiliario urbano.
- Postes de alumado, semáforos e sinais de tráfico.
- Muros, valados e cercas, a excepción de lugares habilitados a tal fin.

De modo provisional e en ocasións especiais como feiras, festas, exposicións ou congresos, o Concello poderá autorizar anuncios non comerciais limitados ó tempo que dure o acontecemento, que de inmediato deberán retirarse unha vez que acabe o mesmo.

#### TÍTULO VI.- PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL FRONTE A ACTIVIDADES XERADORAS DE PO, FUMES, LÍQUIDOS OU OUTROS ELEMENTOS DE CONTAMINACIÓN

Artigo 69.

O presente título ten por obxecto a regulación de cantas actividades, situacións e instalacións sexan susceptibles de producir emisións de gases ou de partículas sólidas ou líquidas no termo municipal, para evitala contaminación atmosférica ou acuífera e o risco que provoque na saúde humana, os recursos naturais e o medio ambiente.

Artigo 70.

Ós efectos desta ordenanza, considérase contaminación á presenza no aire ou augas de materias que impliquen risco, dano ou molestias graves para as persoas ou bens de calquera natureza.

Enténdese por límites de inmisión ás presencias na atmósfera, acuíferos ou mar, de elementos contaminantes que, illadamente ou asociados con outros, superen as concentracións máximas tolerables, sendo estas establecidas pola lexislación estatal, autonómica ou da Unión Europea aplicable á actividade de que se trate.

Os establecementos e instalacións susceptibles de producir contaminación deberán cumprir na súa integridade as medidas correctoras impostas para a concesión da licenza de apertura, e mantelas en adecuado estado de funcionamento. Así mesmo, se a pesar de isto producen contaminación, deberán presentar ante esta Entidade Local un proxecto de ampliación de actividade, tramitado conforme o disposto no Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, onde aparezan corrixidas no estudio subscrito polo técnico competente o cumprimento do disposto na normativa reguladora de aplicación.

No referido estudio ou proxecto, xunto ó de ampliación no seu caso, deberá figurar o de depuración de emisións xa existentes, adoptando aqueles medios anti-contaminantes necesarios e as medidas preventivas, correctoras ou reparadoras para reducir ditos niveis a límites regulamentarios.

Cando os niveis de emisión de contaminación superen os indicados na normativa vixente, previo requerimento municipal, o produtor dos mesmos deberá presentar no prazo de dous meses o referido proxecto técnico, podendo, en caso de incumprimento e de existir risco ambiental, decretarse pola Entidade Local a suspensión temporal da licenza de apertura de que se dispoña.

Artigo 71.

Os técnicos municipais, así como o persoal que sexa oficialmente designado para realiza-la inspección e verificación das instalacións, empresas ou establecementos, sempre que teñan a condición de funcionarios municipais gozarán no exercicio das súas funcións da consideración de "Axentes da Autoridade" a efectos do disposto na lexislación penal.

Artigo 72.

O Concello poderá esixir ás empresas potencialmente contaminadoras a edición dos contaminantes vertidos polo menos unha vez ó ano, podendo aumenta-la súa frecuencia se os servizos técnicos municipais o consideran xustificado. Tal medición será supervisada polos servizos técnicos municipais e deberá ser realizada por

unha empresa ou laboratorio homologado que remitirá o informe ó Concello.

En caso de incumprimento do anteriormente disposto, as medicións serán realizadas polo Concello, ou por unha entidade colaboradora da Administración, debendo aboalas empresas incumpridoras os gastos orixinados con independencia da posible sanción administrativa.

#### Artigo 73.

As actividades potencialmente contaminantes serán inspeccionadas polo Concello de oficio ou a instancia de parte, cando se presuma que a contaminación poida ser excesiva ou o que requira a planificación establecida polos servizos municipais.

A inspección municipal comprenderá as comprobacións seguintes:

1. De que continúan cumpríndose as condicións e medidas correctoras establecidas no otorgamento das licenzas ou autorizacións correspondentes.

2. Comprobación de que se respetan os niveis de emisión legalmente vixentes en cada momento.

As actuacións inspectoras, así como as probas, ensaios ou comprobacións poderán ser realizadas tanto polos propios servizos municipais como mediante a asistencia técnica procedente.

### TÍTULO VII.- VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO.

#### Artigo 74.

##### OBXETIVO

Esta ordenanza ten como obxectivo regular as condicións ás que deberán adecuarse os vertidos de augas residuais procedentes de instalacións domésticas e industrias ubicadas no ámbito de competencias do Concello de Sarria, co propósito de:

1. Garantir a integridade das persoas que realizan as tarefas de mantemento ordinario das infraestructuras e a toda a poboación en xeral.

2. Preservar a integridade material e funcional da rede de saneamento e colectores así coma as instalacións de depuración, evitando a entrada de cargas contaminantes superiores á capacidade de tratamento.

3. Protexer ó medio receptor das augas residuais, e favorecer o aproveitamento dos subproductos obtidos no proceso de depuración.

#### Artigo 75.

##### ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente ordenanza será de aplicación a todos aqueles usuarios que realicen vertidos directos ou indirectos de augas residuais e pluviais, as conducións de saneamento que integran a Rede Pública do Municipio de Sarria ou que evacuen directamente na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR).

1. Quedan sometidas a prescricións de obrigatoria observancia dentro de termo municipal, tódalas instalacións, construcións e actividades de uso persoal, agro-

pecuario ou industrial que podan dar lugar a vertidos de augas residuais.

2. Esta ordenanza é aplicable tanto as actividades e instalacións de nova implantación como as que están xa en novo funcionamento, exercicio ou uso, ben sexan públicas ou privadas.

3. Cando existan regulacións específicas de rango superior, as prescricións desta ordenanza aplicarase sen prexuízo das mesmas e como complemento.

#### Artigo 76.

##### USUARIOS DE REDE DE SANEAMENTO PÚBLICO

1. Os usuarios clasifícanse en dúas categorías, domésticos e industriais, tendo en conta os seguintes parámetros:

- Volume dos vertidos.

- Composición.

2. Domésticos.

Os procedentes de vivendas e instalacións ó servizo público, de titularidade pública ou privada como poden ser colexios, hoteis, edificios públicos, restaurantes, etc.

3. Industriais.

Corresponden a esta clase as actividades de comercio e industria, que poden dar lugar a vertidos problemáticos que de non ser tratados previamente, poderían emitir sustancias prohibidas así como superar os parámetros limitados no Anexo I e II, respectivamente desta ordenanza.

#### Artigo 77.

##### VERTIDOS A REDE DE SANEAMENTO PÚBLICO

É obrigatorio o uso da Rede de Saneamento Público para usuarios que disten menos de 200 m dela. Para a obtención do servizo de Saneamento deberán solicitar no Concello o enganche e realizar as obras precisas ata a Rede de Saneamento Público, por conta do usuario.

No caso de verter, directamente na depuradora, o vertido será valorado pola empresa concesionaria que leva o mantemento da depuradora, podendo requirir unha análise cando se estime necesario.

Os parámetros a determinar en dita análise serán:

- Composición do vertido.

- Volume do mesmo, tendo en conta a capacidade hidráulica da depuradora.

- Outros parámetros estimados convenientes nese momento.

Nas instalacións hoteleiras que alberguen un número importante de persoas, poderase esixir a construción dunha arqueta de decantación de graxas e sólidos no interior do inmovible e antes da acometida, para permitir a súa limpeza.

#### Artigo 78.

##### ACOMETIDA A REDE DE SANEAMENTO



1. As redes de saneamento privado conducirán separadamente as augas pluviais das residuais ata o entronque coa Rede de Saneamento Público realizarase da forma determinada polo Concello.

2. As redes privadas cando afecte a varios usuarios, construíranse de tal forma que podan ser identificados e examinados os vertidos de cada usuario, antes da súa mestura.

3. O entronque das redes privadas coas de Saneamento Público realizaranse de forma determinada polo Concello.

4. Toda acometida á Rede de Saneamento Público debe constar, ó final das súas redes privadas, dun pozo de rexistro que formará parte das mesmas, dito pozo será de fácil acceso e cunhas dimensións que permitan instalar un caudalímetro, ben para unha medición de caudal puntual ou permanente, e un mostrador automático entre outros posibles aparellos de control.

As dimensións dos pozos deberán ser aprobadas polo Concello, previo informe dos Servizos Técnicos Municipais.

Á saída dos pozos de rexistro poderase esixir a colocación dunha rexa de desbaste de 12 mm ou de menor luz de malla, segundo as circunstancias.

O mantemento da rede privada, incluído os pozos de rexistro e tódolos aparellos de control que poidan ser requiridos polos Servizos Técnicos Municipais, será responsabilidade da entidade productora do vertido; mentres que o mantemento da Rede de Saneamento Público correspóndelle ó Concello.

#### 5. Regulación de vertidos:

O concello deberá obrigar a reducir ou regular o caudal de vertido das industrias cando as condicións da rede das instalacións de depuración así o aconsellen, ou nos casos que constituía un grave risco para o sistema, esta obrigación deberá ter un carácter temporal, estacional ou permanente.

6. Nos casos que excepcionalmente se concedan acometidas, ou tomas de auga provisionais para obras, o Concello indicará o constructor ou solicitante o punto para o vertido das augas residuais.

O construtor ou usuarios desta acometida provisional deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán dispoñer dunha arqueta de decantación antes da estación de bombeo, coas dimensións adecuadas para que poidan sedimentar tódolos sólidos en suspensión ata cumprir os límites establecidos no Anexo II.

- Non poderán verter materia algunha, declarada como prohibida no Anexo I, que por si mesma ou en reacción con auga, podan provocar atascamentos e danos na Rede de Saneamento ou EDAR.

Para as conexións provisionais a Rede de

Saneamento Público terase que cubrir un impreso, que será facilitado polo Concello.

#### 7. Está prohibido:

a) A instalación e mantemento de foxas sépticas ou pozos negros nos lugares onde exista sistema xeral de alcantarillado, e sexa posible o seu entroncamento.

Naqueles lugares que non posúan sistema de alcantarillado quedará prohibida a instalación de pozos negros; e a instalación de foxas sépticas quedará suxeita a proxecto técnico, e coas medidas correctoras que sexan precisas para evitar molestias ó vecindario, e en especial, garantirase a total depuración das augas residuais.

b) Lavar as cisternas de zurro, ou calquera outro tipo de contenedores de líquidos nos ríos, regueiros e fontes.

O estendido de puríns (actividade prohibida dentro da zona urbana) e de esterco nas terras de cultivo, faranse de xeito que non se cause molestias ó vecindario.

O vertido de puríns e esterco debe ter lugar sen perxudicar ás fincas colindantes e ós bens de uso público, tales como camiños, prazas, fontes, mananciais, pozos de auga etc.

#### Artigo 79.

### INSPECCIÓN, VIXILANCIA E TOMA DE MOSTRAS

#### 1. Inspeccións e vixilancia.

O Concello, poderá realizar tantas inspeccións como considere oportunas para verificar as condicións e características dos vertidos.

A inspección e vixilancia consistirá, en outras, nas seguintes funcións:

- Comprobación dos estados das instalacións e do funcionamento dos instrumentos para control de efluentes.

- Muestreo de vertidos en calquera punto das instalacións que os orixinan.

- Medida dos caudais vertidos ó Sistema Integral de Saneamento dos parámetros de calidade medibles "in situ".

- Comprobación dos caudais de abastecemento.

- Comprobación do cumprimento das restantes obrigacións, en materia de vertidos, contempladas na presente Ordenanza.

- Calquera outra cousa necesaria para o correcto desenvolvemento do labor inspectora.

As inspeccións correrán a cargo dos Servizos Técnicos Municipais, tamén poderá inspeccionar a empresa concesionaria acompañado da Policía Local dentro do marco xurídico aplicable.

A negativa por parte de quen realiza o vertido a facilitar a inspección, a relación de datos ou toma de mos-

tras, será considerada como unha infracción grave desta ordenanza.

Durante a inspección e tódolos actos derivados da mesma, os empregados responsables, deberán ir provistos e exhibir a documentación que os acredite.

## 2. Toma de mostras

No caso de que tras unha inspección do Concello, se demostre que as instalacións non están nunhas condicións adecuadas, para que o vertido se adecúe a presente ordenanza; realizarase unha análise do vertido para a comprobación das súas características contaminantes. A análise será tomada por parte dos Servizos Técnicos Municipais, e con presenza da Policía Local, serán enviadas a un laboratorio que reúna as condicións necesarias para a obtención de resultados fiables.

A toma de mostras farase por duplicado, enviando unha mostra ó laboratorio e quedando outra nas dependencias do Concello por se fora necesaria a realización dunha comprobación de análise.

As mostras que vaian ser analizadas non levarán identificación ou sinal que permita determinar o seu orixe, ou procedencia, nin a identidade da instalación industrial da cal procedan.

Para a súa análise utilizaranse os métodos analíticos identificados como " Standard Methods for the Examinations of Water".

Os custos do laboratorio serán abonados polo usuario, no caso de que as características do vertido non se axusten a legalidade.

No caso de que unha análise demostre que se está incumprindo a presente ordenanza, procederase a requerirle o usuario que modifique o vertido para adaptalo a legalidade no prazo de dez días, se non se executa dito requerimento, o usuario será sancionado e poderase proceder a interrupción do vertido.

### Artigo 80.

#### DESCARGAS ACCIDENTAIS

##### 1. Descargas accidentais

Ante a situación de emerxencia, ben por accidente ou manipulación errónea, que puidera desembocar nun vertido non tolerado ou prohibido, o titular do mesmo deberá comunica-lo o Concello e a empresa concesionaria do servizo co fin de que se adopten as medidas oportunas de protección das instalacións.

Se realmente se producira a descarga accidental, o usuario utilizará tódolos medios ó seu alcance para reducir ó máximo os seus efectos, comunicando ademais a emerxencia ós seguintes servizos:

- Estación depuradora de Augas Residuais

- Policía Local

- Servizos Técnicos Municipais, que establecerán o procedemento a seguir nestes casos de emerxencia.

Indicándolles: volume aproximado, horario no que tivo lugar a descarga, punto no que se efectuou a descarga, produto descargado e concentración aproximada.

Posteriormente emitirase un informe máis detallado da descarga no prazo de cinco días, donde se indicarán tamén as solucións adoptadas para evitar novas descargas e as medidas correctoras a implantar.

## 2. Valoración e abono dos danos

Os custos de operación que dan lugar a descargas accidentais así como de limpeza e reparación das redes, serán imputados o usuario causante, quen deberá aboalos con independencia das outras responsabilidades.

A valoración de danos, causados polo usuario será realizado pola administración competente, neste caso o Servizo Técnico Municipal, que dará conta da valoración ó titular do vertido por escrito nun prazo menor a trinta días naturais contados dende a data da causa dos feitos.

O incumprimento por parte do titular do vertido da obriga de informar a empresa concesionaria e ó Concello constitúe unha infracción a presente ordenanza e por tanto seralle aplicado o réxime sancionador previsto.

Cando se demostre negligencia ou intencionalidade por parte do titular do vertido ou do persoal dependente del, poñerase en coñecemento do Concello ou no seu caso nos Tribunais de Xustiza por incumprimento da presente orde.

### Artigo 81.

#### DENEGACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO

Poderá denegarse a solicitude para o servizo de saneamento, nos seguintes supostos:

- Que o solicitante non presente a documentación requerida.

- Que o solicitante teña recibos de subministro ou saneamento pendentes de pago.

- Que a finca ou inmovible para o que se solicita o servizo non teña acceso directo dende a vía pública, e o solicitante non aporte permiso de pago por fincas colindantes.

### Artigo 82.

#### SUSPENSIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO

Os Servizos Técnicos Municipais poderán poderán interrompi-la prestación do servizo de saneamento, cando no mesmo concurran algunhas das seguintes circunstancias:

- Cando o titular do vertido impida ou dificulte a acción inspectora a que se refire.

- Cando o usuario efectuase vertidos de augas residuais cunhas características que incumplan as prohibi-

cións ou limitacións establecidas nesta ordenanza, ou aquelas establecidas ou fixadas no permiso.

- Cando se incumpran outras condicións ou obrigacións do usuario que se establecen nesta ordenanza.

Se os vertidos non reglamentarios detectados a un usuario poden provocar danos nas instalacións ou existe a posibilidade de proceder ó seu tratamento, o Concello requerirá ó usuario para que cese o vertido inmediatamente. De non acceder a facelo, o Concello poderá proceder a interromper a conexión entre a rede do usuario e a rede pública ata que se restablezca a normalidade do vertido. Os gastos ocasionados serán facturados polo Concello ó usuario con arreglo ós prezos aprobados polo Concello.

#### Artigo 83.

##### CENSO DE VERQUIDOS

1. Os Servizos Técnicos Municipais elaborarán un Censo de Verquidos que rexistrarán as infraccións cometidas, contando cos seguintes datos:

- Clase de actividade que cometeu a infracción
- Tipo de vertido
- Localización
- Composición
- Caudal
- Periodicidade do vertido
- Preceso que xenera o vertido
- Titular da actividade
- Punto de vertido
- Outros datos considerados relevantes

2. Tomando como base o mencionado censo, así como os resultados das comprobacións efectuadas na rede de entrada e de saída da estación depuradora, os Servizos Técnicos Municipais, cuantificarán periódicamente as diversas causas de vertidos, a fin de actualizar as limitacións de descarga e novas autorizacións, e para adoptar posibles actuacións preventivas, reparadoras e correctoras que sexan necesarias.

#### Artigo 84.

##### OBRIGACIÓN DO USUARIO

Os usuarios da rede de saneamento están obrigados a:

- Vertelas augas residuais na rede pública suxeitanse as normas contidas na lexislación, nesta ordenanza e no contrato de saneamento asinado co Concello a tal afecto. O aboado deberá respetar especialmente as normas que limitan o dereito de vertido de materiais altamente contaminantes.

- Respetar-las instalacións que integran a infraestrutura do servizo, tales como as redes de conducción e

acometidas, que só poderán ser manipuladas por persoal do servizo.

- Solicitar autorización ó Concello para calquera modificación nas súas instalacións que afecten as condicións do vertido, podendo dar lugar a incumprimento.

- Mante-las instalacións propiedade do usuario en perfecto estado de conservación, de xeito que non causen prexuízo ó correcto funcionamento do servizo.

- Facilitar ó Concello tódolos datos e informacións que este lle solicite, relativos ó seu contrato, así como permitir os seus empregados o acceso as instalacións.

- Poñer en coñecemento do Concello calquera avaría ou anomalía que se observe, relacionadas co servizo de saneamento de auga.

#### Artigo 85.

##### INFRACCIÓNS E SANCIÓN DO TÍTULO VII.

1. Calificación das infraccións.

- As accións ou omisións que infrinxan o previsto na presente ordenanza, sancionaranse conforme ó establecido en esta, sen prexuízo de outras responsabilidades en que poda incurrirse.

- As infraccións da presente ordenanza califícanse como leves, graves ou moi graves. As sancións consistentes en multas axustaranse ó establecido na Disposición Adicional Única da lei 11/1999, de 21 de abril, modificación da lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de Réxime Local.

2. Infraccións leves.

- As accións ou omisións que, como consecuencia dun vertido, causen danos nas instalacións de depuración, as Redes de Saneamento ou bens a terceiros, cando a valoración non supere os 3000 euros.

- A modificación das características dun vertido autorizado ou os cambios producidos no proceso que podan afectar o efluente, sen coñecemento da empresa concesionaria.

- O incumprimento ou omisión do prazo establecido na presente Ordenanza para a comunicación dunha descarga, sempre que non esté considerado como infracción grave ou moi grave.

3. Infraccións graves.

- As accións e omisións que, como consecuencia dun vertido, causen danos as instalacións de depuración, as redes de saneamento ou bens a terceiros, cunha valoración comprendida en 3.000 euros.

- Os vertidos con componentes que superen as concentracións máximas permitidas para os vertidos tolerados, en un ou máis parámetros dos enumerados no Anexo II. En todo momento ó interesado ofreceráselle a posibilidade de realizar unha contraanálise da mostra tomada.

- O incumprimento da labor respecto dos vertidos e

do rexistro onde se verten ou se toman a mostra dos mesmos, así como a negativa a facilitar a información dos datos requeridos no Permiso de Vertido.

- O consentimento por parte do titular do Vertido ou uso das súas instalacións por terceiros non autorizados pola empresa adxudicataria do servizo para verter.

- A reincidencia de dúas faltas leves nun prazo máximo dun ano.

#### 4. Infraccións moi graves

- As calificadas como graves no punto anterior, cando pola cantidade ou calidade do vertido se derive a posibilidade de risco para persoal relacionado coas actividades de saneamento e depuración.

- As accións e omisións que como consecuencia dun vertido, causen danos as instalacións de depuración, as Redes de Saneamento ou a bens de terceiros, cunha valoración que supere os 30.000 euros.

- O uso das instalacións de saneamento en circunstancias de degradación, suspensión ou extinción do Permiso de Vertido.

- A avaliación de calquera vertido prohibido dos relacionados no Anexo I.

- A reincidencia en dúas faltas graves no prazo dun ano.

Artigo 86.

#### PROCEDEMENTO

A imposición das sancións e a existencia de responsabilidades con arreglo a esta ordenanza realizarase mediante a instrución do correspondente expediente sancionador e co arreglo previsto na lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, do Real Decreto 1398/1993 do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora e demais normativa aplicable.

Corresponde o Concello, no ámbito das súas competencias, a instrución e resolución do expediente sancionador polas infraccións cometidas.

O Concello poderá adoptar como medida cautelar a inmediata suspensión das obras e actividades ó iniciar o expediente sancionador.

Artigo 87.

#### GRADUACIÓN, PRESCRIPCIÓN E CONTÍAS DAS SANCIÓN.

1. Para determinar a contía das sancións terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a reincidencia, a intencionalidade, o beneficio obtido e as demais circunstancias concurrentes.

2. As infraccións e sanción tipificadas na presente Ordenanza prescribirán:

- As leves nun prazo de seis meses.

- As graves nun prazo de dous anos.

- As moi graves nun prazo de tres anos.

3. Conforme ó establecido na disposición adicional única da lei 11/1999, do 21 de abril, da modificación da LBR, as infraccións tipificadas na presente ordenanza serán sancionadas con multas de ata 300 euros.

- Infracción leve multa 100 euros.

- Infracción grave multa 200 euros.

- Infracción moi grave multa 300 euros.

Artigo 88.

#### REPARACIÓN DOS DANOS E INDEMNIZACIÓNS.

1. Sen prexuízo da sanción que cada caso proceda, o infractor deberá reparar o dano causado. A reparación terá como obxecto a restauración dos bens alterados a situación anterior da infracción.

2. Cando os bens alterados non podan ser repostos ó seu estado anterior, o infractor deberá indemnizar os danos e prexuízos ocasionados. A valoración dos mesmos será realizada polo Concello.

#### ANEXO I

##### VERTIDOS PROHIBIDOS

1. Mezclas explosivas: Entenderanse como tales aqueles sólidos, líquidos, gases ou vapores, que por razóns da súa natureza ou cantidade sexan ou poidan ser suficientes, por si mesmos ou en presenza doutras sustancias, de provocar ignición ou explosións. En ningún momento medicións sucesivas efectuadas con un explosímetro no punto de descarga do vertido o Sistema Integral de Saneamento, deberán indicar valores superiores ó 5 por 100 do límite inferior de explosividade, así como unha medida realizada de forma aillada, non deberá superar nun 10 por 100 do límite anteriormente citado. Prohibese expresamente: os gases procedentes de motores de explosión, gasolina, queroseno, nafta, benceno, tolueno, xileno, éteres, tricloroetileno, aldehidos, cetonas, peróxidos, cloratos, percloratos, bromuros, carburos, hidruros, nitruros, sulfuros, disolventes orgánicos inmiscibles en auga e en disolventes orgánicos.

2. Residuos sólidos e viscosos: Entenderanse como tales aqueles residuos que provoquen ou podan provocar obstrucións no fluxo do Sistema Integral de Saneamento ou que podan inferir no transporte das augas residuais. Inclúense, os seguintes: graxas, tripas, textos animais, estércol, osos, pelos, peles, carnazas, entrañas, sangue, plumas, cinzas, escorias, areas, cal apagada, residuos de hormigóns e leitadas de cemento ou aglomerantes hidráulicos, fragmento de pedras, mármo, metal, vidro, palla, virutas, recortes de herba, tapos, lúpulo, restos de papeis, madeira, plástico, alquitrán ou residuos e produtos alquitránados procedentes de operación de refino e destilacións, residuos asfálticos e de procesos de combustión, aceites, lubricantes usados

minerais e sintéticos, incluído auga-aceite, emulsións, axentes espumantes, e en xeral todos aqueles sólidos de calquera procedencia con tamaño superior a 1,5 cm en calquera das súas tres dimensións.

3. Materiais colorantes: Entenderanse como materias colorantes aqueles sólidos, líquidos ou gases, tales como: tintas, barnices, lacas, pinturas, pigmentos e demais produtos afíns, que incorporados as augas residuais, coloreas de tal forma que non poden eliminarse con ningún dos procesos usuais que se empregan nas Depuradoras de Augas Residuais.

4. Residuos corrosivos: Entenderanse como tales aqueles sólidos, líquidos, gases ou vapores que provoquen corrosións ó longo do Sistema Integral de Saneamento, tanto en equipos como en instalacións, capaces de reducir considerablemente a vida útil de éstas ou producir averías. Inclúense os seguintes: ácido clorhídrico, nítrico, sulfúrico, carbónico, fórmico, acético, láctico, butírico, leixas de sosa ou potasa, hidróxido amónico, carbonato sódico, augas de moi baixa salinidade e gases como sulfuro de hidróxeno, coloro, fluoruro de hidróxeno, dióxido de carbono, dióxido de xofre, e toda-las sustancias que reaccionando coa auga formen solucións corrosivas, coma os sulfatos e os cloruros.

5. RESIDUOS TÓXICOS E PERIGOSOS: Entenderanse como tales aqueles sólidos, líquidos ou gases, industriais ou comerciais, que polas súas características perigosas requieran un tratamento específico e un control periódico dos seus potenciais efectos nocivos, en especial os seguintes:

- Acenafteno
- Acrilonitrilo
- Acroleína (Acrolín)
- Aldrina (Aldrín)
- Antimonio e compostos
- Asbestos
- Benceno
- Bencidina
- Berilio e compostos
- Carbono, Tetracloruro
- Clordán (Chlordane)
- Clorobenceno
- Cloroformo
- Cloroetano
- Clorofenoles
- Cloronaftaleno
- Cobalto e compostos
- Dibenzofuranos policlorados
- Diclorodifeniltricloroetano y metabolitos (DDT)
- Diclorobencenos
- Diclorobencidina
- Dicloroetilenos
- 2,4-Diclorofenol
- Dicloropropano
- Dicloropropeno
- Dieldrina (Dieldrin)
- 2,4-dimetilfenoles o Xilenoles
- Dinitrotolueno
- Endosulfán e metabolitos
- Endrina (Endrín) e metabolitos
- Éteres halogenados
- Etilbenceno
- Fluoranteno
- Ftalatos de éteres
- Halometanos
- Heptacloro e metabolitos
- Hexaclorobenceno (HCB)
- Hexaclorobutadieno (HCBd)
- Hexaclorocicloexano (HTB, HCCH, HCH, HBT)
- Hexaclorociclopentadieno
- Hidrazobenceno (Diphenylhidrazina)
- Hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAH)
- Isoforona (Isophorene)
- Molibdeno e compostos
- Naftaleno
- Nitrobenceno
- Nitrosaminas
- Pentaclorofenol (PCP)
- Policlorados, bifenilos (PBC's)
- Policlorados, trifenilos (PCT's)
- 2,3,7,8-tetraclorodibenzo-r-dioxina (TCDD)
- Tetracloroetileno
- Talio e compostos
- Teluro e compostos
- Titanio e compostos
- Tolueno
- Toxafeno
- Tricloroetileno

- Uranio e compostos
- Vanadio e compostos
- Vinilo

- As substancias químicas de laboratorio e compuestos farmacéuticos ou veterinarios novos, identificables ou non con efectos que podan supoñer riscos sobre o medio ambiente e a saúde humana.

6. RESIDUOS QUE PRODUZAN GASES NOCIVOS: Entenderanse como tales os residuos que produzan gases nocivos a atmosfera do sumidoiro, colectores e emisarios en concentracións superiores ós límites seguintes:

Monóxido de carbono (CO)	100 cc/m <sup>3</sup> de aire
Cloro (CL <sub>2</sub> )	1 cc/m <sup>3</sup> de aire
Sulfhídrico	20 cc/m <sup>3</sup> de aire
Cianhídrico	10 cc/m <sup>3</sup> de aire

#### PROHIBICIÓNS

Queda prohibido verter a rede de sumidoiro público:

a.) Todo aquilo que puidese causar algún dos seguintes efectos:

- Formación de misturas inflamables ou explosivas.
- Efectos corrosivos sobre os materiais das instalacións.
- Sedimentos, obstrucións ou atascos nas tuberías que dificultan o fluxo libre das augas e as labores de mantemento.
- Creación de condicións ambientais tóxicas, perigosas ou molestas que dificulten o acceso do persoal de inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento das instalacións.
- Perturbación nos procesos operacionais da EDAR, que impidan alcanzar os niveis de tratamento previstos no seu deseño.

b.) Os seguintes produtos, cando a súa cantidade poda producir ou contribuir a produción de algún dos efectos a que se refiera o apartado anterior:

- Gasolina, benceno, nafta, fuel-oil, petróleo, aceites volátiles, tolueno, xileno, ou calque outro tipo de sólido, líquido e gas inflamable ou explosivo.
- Carburo de calcio, bromato, cloratos, hidruros, percloratos, peróxidos, etc. E toda sustancia sólida, líquida ou gaseosa de natureza inorgánica potencialmente pri-gosa.

- Gases procedentes de motores de explosión ou calquer outro compoñente que poda dar lugar a misturas tóxicas, inflamables ou explosivas co aire. A tal efecto as medidas efectuadas mediante explosímetro, no punto de descarga do vertido a Rede de Alcantarillado Público, deberán ser sempre valores inferiores ó 10 % do límite inferior de explosividade.

- Sólidos, líquidos ou gases, tóxicos ou venenosos, ben puros ou misturados con outros residuos, que podan constituir perigo para o persoal encargado da Rede e ocasionar algunha molestia pública.

- Cinzas, carbonillas, deterxentes, areas, plumas, plásticos, madeiras, sangue, esterco, desperdicios de animais, pelos, vísceras, outros corpos que podan causar obstrucións ou obstaculizar os traballos de conservación e limpeza.

- Disolventes orgánicos, pinturas e colorantes en calquer proporción, aceites e graxas de natureza mineral, vexetal ou animal.

- Fármacos procedentes da industria farmacéutica ou centros sanitarios que poidan producir alteracións na EDAR.

- Sólidos procedentes das trituradoras de residuos, tanto domésticos como industriais.

- Todos aqueles produtos contemplados na vixente e futura laxislación sobre produtos tóxicos e perigosos. (En particular, a orden do 12 de novembro de 1987 do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo).

c.) Os seguintes vertidos:

- Vertidos industriais líquidos-concentrados que o tratamento corresponda a unha planta específica,
- Vertidos líquidos que cumprindo coa limitación de temperatura, poidan adquirir consistencia pastosa ou sólida no rango de temperaturas reinantes na Rede de Submidoiro Público.
- Vertidos discontinuos procedentes da limpeza de tanques de almacenamento de combustibles, reactivos ou materias primas. Esta limpeza efectuarase de forma que a evacuación non sexa a Rede de Saneamento Público.

#### ANEXO II

#### LIMITACIÓNS

PARÁMETROS	SÍMBOLO	UNIDAD	LIMITACIÓN
Temperatura	T	°C	40
pH	pH	-	6.5-8.5
Sólidos suspensión	SS	mg/l	350
Sólidos sedimentables	SSS	mg/l	360
Demanda bioquímica de osíxeno	DBO <sub>5</sub>	mg/l	800
Demanda química de osíxeno	DQO	mg/l	1250
Aceites e graxas (de orixen animal ou vexetal)	Ac e Gr	mg/l	200
Toxicidade	Tx	mg/l	50
N-Amoniacal	N-NH <sub>4</sub>	equitos/l	25
Manganeso	Mn	mg/l	7.5
Aluminio	Al	mg/l	10

Fosfatos	PO443-	mg/l	10
Sulfuros	S2-	mg/l	2
Sulfatos	SO42-	mg/l	100
Mercurio	Hg	mg/l	0.1
Níquel	Ni	mg/l	2.5
Plomo	Pb	mg/l	1
Boro	B	mg/l	3
Magnesio	Mg	mg/l	2
Zinc	Zn	mg/l	1
Ferro	Fe	mg/l	10
Cobre	Cu	mg/l	1
Cadmio	Cd	mg/l	0.5
Cianuros	CN-	mg/l	1.5
Arsénico	As	mg/l	0.1
Cromo	Cr	mg/l	5
Plata	Ag	mg/l	5
Fenoles	Fenol	mg/l	5
Aceites minerales	Am	mg/l	50

## TÍTULO VIII.- RÉXIME DISCIPLINARIO

### CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS:

#### Artigo 89.

1. O Concello, a través dos servizos técnicos e dos axentes da Policía Municipal denunciarán cantas infraccións se produzan en relación coas normas da presente Ordenanza.

2. Igualmente poderá denuncia-las infraccións, no seu caso, o personal da empresa concesionaria, nos supostos de xestión por esta do servizo.

3. Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza.

#### Artigo 90.

1. As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigacións sinaladas na presente ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que se fose propietario.

2. Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituída e, ó efecto, as denuncias formularanse contra da mesma, ou no seu caso, a persoa que ostente a súa presentación.

3. Cando se trate de depósito de lixo ou de sacudida de alfombras ou prendas á vía pública e non se poida detecta-lo infractor exacto do edificio, notifica-

ráselle ó Presidente da Comunidade de Vecinos, e poderá responsabilizarse á Comunidade da infracción, caso de non comunica-lo nome e domicilio do infractor.

#### Artigo 91.

1. Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias a que se refire esta ordenanza, os actos ou omisións que contravenían o establecido nas normas que integren o seu contido.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

